

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de abril de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta minutos do día vinteseis de abril de de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(476).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións do 5 e 12 de abril de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(477).- PROPOSTA QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DE DEMOCRACIA PROGRESISTA GALEGA SOBRE A COSTA VIGUESA.

Seguidamente dáse conta da devandita proposta, de data 20.04.04, asinada polo portavoz do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, que di:

Exposición de motivos:

Ó longo do mandato da anterior Corporación temos realizado seis Mocións con contidos encamiñados cara a axuda da transformación da costa viguesa en dous aspectos que a nos parece imprescindible podemos

complementar: Por unha banda permitindo que os vigueses se poidan achegar máis e mellor ó mar, e moi singularmente na parte central da cidade. Pola outra ó posibilitarmos un crecemento portuario que nos permita non só defendérmo-lo emprego que temos, senón que nos axude a crear máis emprego, cousa pra que co porto temos a mellor arma posíbel.

Cando se están a crear dous grandes portos como son os de Ferrol e A Coruña (¿de verdade son precisos dous grades portos tan xuntos? ¡Miúdos dous investimentos, un a carón do outro!), e cando se pretenden melloras pra Leixoes, en Porto, deixarmos ó porto de Vigo sen melloras pra poder competir cos demais sería, máis ca un descomunal erro político, unha traizón a Vigo, pois ese feito causaríanos gravísimos danos, de moi difícil reversión, na economía viguesa.

Polo dito seguimos a traballar sobre posíbeis transformacións do noso litoral nos dous aspectos. E se xa temos presentado outras dúas Mocións no Pleno desta Corporación, presentamos hoxe outra idea dunha singular importancia.

Dende a óptica de que o porto de Vigo ten que medrar, polo ben de todos, a ampliación prevista no Areal resultaría insuficiente nun prazo de tempo breve. Por iso propoñemos a creación dun porto de contedores e mercadorías novo, noutro emprazamento dentro da Ría, con posibilidades mínimas de duplica-las dimensións dedicadas actualmente a eses mesteres, con calados suficientes, como por exemplo, no lugar de Punta Chapelisa onde amais de bos calados naturais teríamos boas facilidades de conexións coa autopista e co ferrocarril.

Entón, os terreos ocupados actualmente por mercadorías e contedores no Areal e Guixar poderían ser dedicados a espacios de uso público, coa recuperación das praias que houbo nesa zona (poderíamos establecer unha praia de 80 metros de fondo en preamar por quilómetro e medio de longo), con instalacións de atraques pra barcos deportivos diante dela, cun paseo marítimo, carril bici, carril pra patíns, con servicios de cafeterías, restaurantes, pequeno comercio, pubs, aparcadoiros soterrados, etc., e o resto dos terreos serían dedicados a parque de uso público con instalacións deportivas e unha cuncha pra actuacións musicais.

O lugar tamén podería servir polas noites como lugar de ocio-turismo, xa que aí non se molestaría a ningún veciño que pretenda, con todo dereito, descansar polas noites.

Chegados a este punto queremos salienta, unha vez máis, que tódolos proxectos constructivos que temos proposto deberán ser realizados con tódolos estudos precisos de xeito que se apliquen as últimas técnicas que permiten unha nula incidencia das obras a realizar sobre o medio mariño.

Está claro que son as institucións do Estado e mais da Xunta de Galicia quen deben responsabilizarse da construción de todas e cada unha das obras que estamos a propoñer.

E conste por unha banda que en Vigo, en rexeneración e acrecentamento de praias, imos con anos de atraso con respecto de moitísimas cidades de Galicia e do resto de España. E pola outra que estas e outras ideas poderían ter acollida, por exemplo, no chamado Plan Galicia, que non contempla ningún investimento relevante pra Vigo.

Por todo isto, coidamos que as proposicións que describimos logo deben ser tidas en conta, e oportunamente incorporadas ó proxecto que sobre o litoral vigués está a realizar un equipo de técnicos. Un proxecto sobre o litoral que implicará, necesariamente e entre outras cousas, un novo Plan Especial do Porto pra incorporalo de seguido ó PXOM en tramitación.

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Xunta de Goberno lle envíe as propostas que logo enunciaremos ós técnicos que están a redactar un proxecto sobre o litoral vigués pra, no seu caso, seren incluídas dentro do mesmo. Isto é:

- 1.- *Rexeneración das antigas praias de Teis coa implantación dunha praia con mediadas aproximadas de un quilómetro de longo (entre Vulcano e a ETEA), con oitenta metros de fondo en preamar, un paseo marítimo á súa beira, e un Parque Marítimo de trinta e cinco mil metros cadrados.*
- 2.- *A construción dun Peirao de Transatlánticos con forma de ele ou de te, de xeito que permita no seu interno a creación dun porto deportivo pra un mínimo duns mil barcos. A superficie do peirao será un Parque Público e, debaixo del, construírse un aparcadoiro de dimensións suficientes pra servizo do Parque e máis da zona.*
- 3.- *A transformación do peirao onde está a actual Estación Marítima de xeito que a súa superficie sexa un Parque Público conectado co do novo Peirao de Transatlánticos por medio dunha ponte colgante.*
- 4.- *A apertura do Berbés cara ó mar co establecemento dun Parque Público na zona ocupada hoxe por naves pra gardar redes e maila antiga Lonxa de Baixura, e coa conexión baixo terra dos dous túneles que hai nesa zona pra que ese Parque poida quedar unido en superficie coa actual Praza do Berbés, creando así un novo espazo público común.*
- 5.- *A construción dun espazo público duns vinte mil metros cadrados na beira do mar enfronte da rúa Coruña, cun pequeno porto deportivo diante.*
- 6.- *A prolongación do peirao do Museo do Mar, co obxectivo de que se poidan rexenerar as praias de Bouzas e Alcabre, e tamén o de favorecer ó Museo.*
- 7.- *Realizar as obras constructivas precisas pra que Samil pase a ter un areal cun fondo de máis de cen metros en preamar.*
- 8.- *Proxectos constructivos, na mesma liña do punto anterior, en todas as outras praias de Vigo.*
- 9.- *Instalación dunha esclusa na ponte de Samil pra axudar á rexeneración da Xunqueira de Samil.*
- 10.- *Canalización do último tramo do río Lagares entre a ponte de Samil e a súa desembocadura.*
- 11.- *Construción dun paseo marítimo dende Bouzas ata Canido.*
- 12.- *Construción dunha nova ponte sobre a Ría entre a Guía e Meira (Moaña).*
- 13.- *Construción dun novo peirao pra contedores, con capacidade suficiente pra os tráficos presentes e posibilidades importantes de crecementos futuros no lugar de Punta Chapelisa, ou noutro lugar da Ría que se puidese estimar máis conveniente.*

14.- *Recuperación das praias do Areal e Guixar, e a implantación dunha gran zona verde de uso público cos servizos que se estimen convenientes e oportunos, entre eles aparcadoiros soterrados suficientes.*

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada da proposta e dá traslado da mesma á Comisión encargada do estudio da reforma do borde litoral da cidade.

3(478).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA DO EXPTE 14/3345.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da traballadora social, do 12.04.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 13.04.04, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Concede-la prestación do Servicio de axuda no fogar a D. Carlos Huerga Castilla. Expte. 14/3345/301.

4(479).- AUTORIZACIÓN DE GASTO EN CUMPRIMENTO DO “CONVENIO ASINADO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA A REVERSIÓN DA CESIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE DE USO DAS PISTAS DE ATLETISMO E INSTALACIÓNS ANEXAS DO POLÍGONO DE BALAÍDOS”. EXPTE. 3541/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 17.03.04, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Aprobar o gasto de 6.100€ para dar cumprimento o apartado 2º do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a Real Federación Española de Atletismo, aprobada na sesión do primeiro de decembro de 1989, polo Pleno da Corporación, para facer efectivo o pago do devandito importe á Federación Galega de Atletismo-Delegación Local de Vigo emitirá factura regulamentaria o seu nome, aportando tódolos xustificantes derivados dos pagos efectuados por esta a terceiros, como consecuencia dos gastos de mantemento das pistas municipais de Balaidos neste periodo a favor do seguinte acreedor:

DELEGACION DE VIGO DA
FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO

CIF: G-15103500

S. ord. 26.04.04

5(480).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN Ó APA DO CEIP IGREXA VALLADARES PARA A REALIZACIÓN DO CROSS ESCOLAR IGREXA VALLADARES O DÍA 16.05.04. EXPTE. 4426/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do APA do CEIP Igrexa Valladares e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.04.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o APA do CEIP Igrexa Valladares a celebrar o vindeiro día 16 de maio de 2004 o Cross Escolar Igrexa Valladares que se desenvolverá no campo de fútbol A Gándara Valladares e nos seus arredores, entre ás 10:00 e ás 13:30 h.

6(481).- PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004”. EXPTE. 973/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, pola interventora xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de modelo de contrato para contratación dos espectáculos e actividades do programa das *Festas do Cristo da Victoria 2004*.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural a asinar todos os contratos dos espectáculos de música, teatro e danza que se inclúan no programa das “Festas do Cristo da Victoria 2004”.

3º.- Que o pagamento dos contratos realizados en base a este proxecto se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

*PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS DE MÚSICA,
TEATRO E DANZA*

Vigo, o de de dous mil catro.

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

S. ord. 26.04.04

Doutra parte D/Dna..... (apoderado/a, administrador/a único/a..) e que actúa en nome da empresa denominada
CIF, e con enderezo da cidade de,
CP ; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista/grupo, no sucesivo O/A ARTISTA, o día de..... de 2004, ás horas no recinto denominado, situado en, cunha duración mínima de minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de (CIFRA) euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de (CIFRA) (EN LETRA).- euros, en concepto da actuación do/a ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a D/Dna....., NIF..... momentos antes do comezo da actuación, co/a ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- - O local da actuación dispón dun aforo de (CIFRA) espectadores (sentados ou de pé). O CONCELLO porá á venda (CIFRA) entradas ao prezo de (CIFRA).-euros cada unha e será beneficiario da total recadación; tamén realizará (CIFRA) invitacións das que entregará (CIFRA) á AXENCIA.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co/coa ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co/coa ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada.O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as (CIFRA) horas do día da actuación ata (CIFRA) horas despois do final da actuación do/da ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O/A ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle ao/á ARTISTA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese

corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do/da ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de ----- watos de son e de ----- watos de iluminación.

REFORZO.-

O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son, debido ás características do lugar de actuación.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do/da ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións mínimas.- (NÚMERO) m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e unha altura dende o chan de (NÚMERO) m. O escenario si/non está cuberto.

Capacidade de carga.- (CIFRA) kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario (Abackstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

Dimensións.- (NÚMERO)m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e dous niveis, situados a (NÚMERO) e a (NÚMERO) m do chán.

Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.

Capacidade de carga.- (NÚMERO) kg/m² en cada nivel.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Así mesmo, a (NÚMERO) m do escenario, haberá unha plataforma de (NÚMERO) m de fronte, (NÚMERO) m de fondo e unha altura de (NÚMERO) m nun tramo de (NÚMERO) m de fondo e de (NÚMERO) m para o tramo máis alonxado do escenario.

Situación.- A (NÚMERO) m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- (NÚMERO) Kg/m².

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-

MERCADOTECNIA.-

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Potencia.- (NÚMERO) tomas de corrente independentes; unha de XXX voltios e XX Kwatios, outra toma de XXX voltios e XXX Kwatios.

Situación.- As tomas estarán a ambos lados do escenario e a (NÚMERO) metros dende o seu centro.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao/á ARTISTA de (NÚMERO) camerinos de uso exclusivo, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este; terá capacidade suficiente para un total de (NÚMERO) persoas.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do/da ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao/á ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do/da ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin":

.....

*Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos/ás técnicos/as:
20 litros ao comezo da montaxe
10 litros ao comezo das probas de son
20 litros ao comezo da desmontaxe.*

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de (NÚMERO) vehículos do/da ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do/da ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do/da ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de (NÚMERO) persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga. O total de horas de traballo do equipo estímase en (NÚMERO) horas.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsabeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O/A ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende (NÚMERO) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por (NÚMERO) persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.

(NÚMERO) membros DETRÁS DO ESCENARIO.

(NÚMERO) membros DIANTE DO ESCENARIO.

(NÚMERO) membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

(NÚMERO) membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.

(NÚMERO) membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de (NÚMERO) horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricteza puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás (NÚMERO) horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do/da ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO, antes do día ---- de -----de 2004, o seguinte material publicitario do/da ARTISTA:

CARTEIS.- (NÚMERO) unidades, dimensións (largo, longo).

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

7(482).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno acorda aproba-la seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
COSTAS FERNANDEZ BASILIO	200400014333	127,41	41,47	85,94	
“	200400014334	200,00	104,16	95,84	
ESPADA RECAREY LUIS	200400004876	500,00	624,78		124,78
GONZALEZ ALVAREZ PAULA	200400014332	141,23	43,87	97,36	
“	200400014335	50,00		50,00	
HINRICHS VAZQUEZ DE PARGA M.	200300052243	54,99	54,99		
LORENZO PENELA MANUEL XOSE	200400014945	272,12	278,77		6,65
“	200400014947	52,29	52,29		
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	200400013204	240,00	240,00		
OJEA PEREZ RAFAEL	200400008340	30,00	31,00		1,00
“	200400012476	600,00	600,00		
PORRO MARTINEZ CORINA	200400014331	600,00	123,00	477,00	
“	200400016173	1.000,00	535,39	464,61	
ROCHA PARAMES CESAREO	200400016175	100,00	87,70	12,30	
“	200400016176	72,12	72,12		
RIESGO BOLUDA JOSE	200400014965	272,12	257,62	14,50	
“	200400014963	52,29	52,29		
“	200400004842	417,60	417,60		
“	200400004844	78,43	78,43		
“	200400004843	253,12	222,32	30,80	
SANCHEZ BARREIRO CARMEN	200400016172	100,00	19,30	80,70	
“	200400016171	95,56	95,56		
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	200400005503	2.500,00	2.158,23	341,77	
SUAREZ SANCHEZ BENJAMIN	200400004768	374,90	379,92		5,02
“	200400004769	18,33	18,33		
VARELA BORREGUERO LUCIO	200400010547	400,57	400,57		
“	200400010548	418,10	403,80	14,30	
“	200400010549	490,00	490,00		
VAZQUEZ IGLESIAS PEDRO MARIA	200400013114	800,00	793,65	6,35	
TOTAL			8.677,16		

8(483).- PROXECTO MODIFICADO DO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA Ó CONCELLO DE VIGO CONEXIÓN O CASAL-VALLADARES E PECHE PERIMETRAL”. EXPTE. 33632/250.

S. ord. 26.04.04

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta o xefe de Servicio de Investimentos, do 20.04.04, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións cursadas pola concellería delegada do area de servizos xerais, redactase o presente informe relativo á execución do proxecto modificado do de “subministración de auga ó Concello de Vigo, conexión O Casal-Valladares e peche perimetral”, baseándose nos seguintes:

I. ANTECEDENTES

- 1º O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión de data 28 de xaneiro de 2002, acordou prestar aprobación definitiva ó proxecto ““subministración de auga ó Concello de Vigo, conexión O Casal-Valladares e peche perimetral”, cun orzamento de contrata de 8.177.819,79€ (IVE incluído).*
- 2º Na sesión plenaria de data 31 de marzo de 2003 decidiuse encomendar á entidade Aqualia-FCC VIGO UTE, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga, á execución do proxecto mencionado anteriormente no prezo de 7.049.844,65€ (IVE excluído), non computándose na dita cifra os seguintes conceptos: Control de calidade e dirección de obra.*
- 3º Así mesmo no citado acordo de data 31 de marzo de 2003 establecíase a previsión de que calesqueira modificación no proxecto inicialmente aprobado, así como a inclusión de obras complementarias no seu caso, deberán ser autorizadas polo Pleno da Corporación, órgano o que lle corresponde a aprobación dos proxectos técnicos que deban redactarse.*
- 4º Actualmente os traballos correspondentes ó proxecto atópanse en avanzado estado de execución, se ben en data recente a dirección de obra remitiu un informe co fin de que esta Corporación Municipal decida sobre a conveniencia de introducir determinadas modificacións no proxecto inicialmente redactado co fin de recoller actuacións que no caso de non executarse incidirían negativamente no desenrolo do investimento e no funcionamento futuro da infraestrutura.*

II. ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS POSTERIORES

- a) A Xunta de Goberno deste Concello, na sesión de data 12 de abril de 2004, en cumprimento do preceptuado no artigo 146 da Lei de Contratos das Administracións Públicas acordou iniciar o expediente de modificación do proxecto.*
- b) En consonancia co establecido no precepto mencionado anteriormente, con data 12 de abril de 2004 concedeuse trámite de audiencia á adxudicataria das obras AQUALIA-FCC VIGO UTE, que expresou a súa total conformidade ós prezos unitarios das novas unidades de obra, fixadas pola administración a proposta da dirección facultativa, segundo escrito de data 12 de abril de 2004.*
- c) O día 15 de abril de 2004 a entidade CIISA (Consultig e Ingeniería Internacional, S.A.), presenta no departamento de Vías e Obras o expediente completo do proxecto modificado, redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Patricio Aguilar Cabanillas, sendo informado favorablemente pola xefatura de Vías e Obras (19/04/2004), segundo se fai constar no respectivo expediente administrativo.*

III. SOBRE A NECESIDADE E URXENCIA DA ACTUACIÓN INVERSORA QUE SE PROPÓN NO PROXECTO MODIFICADO

Segundo se expresa no informe emitido pola dirección de obra, o proxecto modificado pretende dar solución a actuacións non contempladas inicialmente, ós que en sínteses nos referimos a continuación:

- Pavimentación adicional en Arquitecto Palacios.
- Automatización e control de presións e sobrepresións causadas pola rede perimetral.
- Impermeabilización e pintado do novo depósito da ETAP Valladares.
- Acometida ó PAU de Navia.
- By-pass de entubado no Parque de Castrelos.
- Reposición da rede de fibrocemento na Avda. Castrelos.
- Obra singular no cruce do río Lagares (sifón de San Andrés)
- Reposición da rede de fibrocemento en Ramón Nieto.

IV. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

A) Consideracións con respecto ó prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para a concesión da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 5 de xulio de 1990.

1. Obxecto do contrato:

- a) Segundo o teor literal da CLÁUSULA PRIMEIRA do CONTRATO reseñado “Es objeto de este contrato la prestación, en régimen de concesión administrativa, de la gestión integral del “Servicio Municipal de Abastecimiento de Agua y Saneamiento de Vigo”, así como la aportación de las inversiones para la construcción de las instalaciones que sean necesarias, en los términos y condiciones previstos al efecto en el Pliego de Condiciones de la licitación...”.
- b) Por a súa parte, o PREGO ó que se remite o contrato reseñado, e que por tanto forma parte integrante do mesmo, refire tamén literalmente na súa CONDICIÓN PRIMEIRA, con respecto o obxecto de contratación “1. Es objeto del presente contrato, que el Excmo. Ayuntamiento de Vigo convoca mediante concurso público, la adjudicación integral del Servicio Municipal de Abastecimiento de Agua y Saneamiento de Vigo, así como la aportación de las inversiones para la construcción de las instalaciones que fueran necesarias y que de modo orientativo, se reflejan en el Plan de Inversiones... en la modalidad definida en el apartado a) del punto 2 del artículo 114 del Reglamento de

Servicios de las Corporaciones Locales de 17 de junio de 1.955 (“La construcción de una obra o instalación y la subsiguiente gestión del servicio a que estuvieren afectadas”),... de acuerdo con las determinaciones del presente Pliego”.

Así pois, da propia literalidade de ambos documentos, Lei entre as partes, infierese xa inicialmente que:

- É a xestión integral do servicio o que se encomenda á concesionaria, cualificativo que se resalta por canto que define un alcance totalitario con respecto do que poida relacionarse coa explotación do dito servicio, coas especificacións e, segundo os procedementos, que en adiante se detallarán.*
- A remisión normativa que se contén na primeira das condicións do prego, e pola que se concreta unha específica modalidade de concesión –artigo 114.2.a) do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais- implica igualmente a inclusión na xestión concedida da construción de determinadas obras e instalacións.*

2. *A ampliación da infraestrutura:*

- a) *A CONDICIÓN 23ª do PREGO DE CONDICIÓN refire que “Las obras de ampliación, renovación y/o mejora de la infraestructura del Servicio de Abastecimiento de Agua y Saneamiento a la Ciudad de Vigo serán por cuenta del concesionario, quien las realizará de la forma y con los medios que considere oportunos en cada momento, en función de los Programas de Inversión aprobados de común acuerdo entre el Ayuntamiento y el Concesionario, en cada momento”.*
- b) *Por a súa parte, a CONDICIÓN 24ª impón que “Para la ejecución de las obras, el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, supongan la ejecución de dichas obras.*

Dicho Programa de Inversiones, una vez aprobado por el Órgano Competente de la Corporación, le será comunicado al Concesionario para que proceda a su realización”.

- c) *E unha nova mención ás renombradas obras de ampliación da infraestrutura encontrámola na CONDICIÓN 71ª.2, onde se recolle que “El Concesionario, para la ejecución tanto de las obras definidas en el Plan de inversiones, como las señaladas en la condición 23ª del presente Pliego de Condiciones,...”*

Visto o contido de tales preceptos contractuais, novamente a literalidade, pero esta vez de forma máis específica, ponos de manifesto que a execución, pola Concesionaria, das Obras de ampliación, renovación e/ou mellora da Infraestructura do Servicio, aínda que non determinada, está prevista polo Prego de Condicións, sendo a posibilidade da súa encomenda a dita adxudicataria unha Potestade do Concello.

3. *Repercusión dos custos das ditas obras:*

Recordemos que a CONDICIÓN 24ª impón que “Para la ejecución de las obras, el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, supongan la ejecución de dichas obras”.

O prego de condicións non establece o contido do plan de investimentos e a súa tramitación si ben establece que é competente para a súa aprobación o Pleno da Corporación, polo que debe entenderse que o referido plan de investimentos pode recoller un proxecto ou actuación illada (caso que nos ocupa), un conxunto de investimentos anuais ou unha proposta de actuación ó longo de varios exercicios.

Visto o exposto, cabe afirmar a posibilidade de encomendar directamente á Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo, a execución das obras de ampliación, renovación e/ou mellora de infraestrutura do dito servicio.

B) *Consecuencias que se derivan da entrada en vigor da Lei 48/1998, de 30 de decembro.*

O obxectivo da Lei 48/1998, e das Directivas comunitarias que traspón, é o seguinte: someter a licitación pública os contratos que realicen con terceiros aquelas empresas que, aínda sendo privadas, gocen dunha posición especial en virtude de dereitos exclusivos outorgados por unha autoridade competente mediante disposición legal, regulamentaria ou administrativa que teña como efecto a reserva do exercicio dalgunha das actividades enumeradas no seu artigo 3.

Non parece pois ofrecer dúbida que as entidades privadas que gocen de dereitos especiais (caso das concesións administrativas) e presten servicio nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións figuran especificamente dentro do ámbito de aplicación suxestiva da dita Lei.

Malia o anterior a aplicabilidade dos preceptos recollidos na Disposición deberá determinarse unha vez analizado o contido dos artigos do seu capítulo II (ámbito de aplicación obxectiva) e para tal efecto debe resaltarse que o proxecto modificado do de “Subministración de auga ó Concello de Vigo, conexión O Casal-Valladares e peche perimetral” non figura incluído entre as actividades sinaladas no artigo 3, tal e como se deriva do informe emitido pola Secretaria Xeral (20 de marzo de 2003) e do subscrito polo Director dos Servicios Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo (19 de marzo de 2003), dictames que se invocan por tratarse dunha situación similar ó do proxecto inicial que foi sometido a consideración do pleno da corporación de data 31/03/2003.

C) *Adecuación do proxecto modificado ás prescricións contidas no Real Decreto Legislativo 2/2000, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

De conformidade co informe emitido pola dirección facultativa as modificacións que se propoñen están motivadas por razóns de interese público e débense a necesidades novas xurdidas con posterioridade á redacción do proxecto inicial, polo que teñen perfecto encaixe no artigo 101.1 do Real Decreto Legislativo 2/2000.

Por outra parte no trámite da modificación do contrato observáronse as actuacións establecidas no artigo 146 da mencionada Lei e en tal sentido acadouse do órgano de contratación autorización para a iniciación do correspondente expediente tal e como se indica no apartado II do presente informe.

V. FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS REFERIDOS Ó PROXECTO MODIFICADO DO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA O CONCELLO DE VIGO CONEXIÓN O CASAL-VALLADARES E PECHE PERIMETRAL

Para unha adecuada comprensión do sistema de financiamento que se propón para a realización das obras, incluídas no proxecto, deben resaltarse os seguintes aspectos:

- a) En consonancia coas determinacións establecidas no acordo adoptado polo Pleno da Corporación sobre a adxudicación do concurso “O concesionario asume a titularidade e garantía de todas as operacións de préstamo e/ou crédito contratados directamente por EMAVISA e avaladas polo Concello, así como aquelas concertadas por este último para o antigo Servicio Municipalizado de Abastecemento de Augas, detraendo para iso unha cantidade fixa de 21,72 ptas./m³ (0,1305 €/m³) durante os primeiros 14 anos do período concesional e sempre vinculada ás previsións de facturación establecidas.
- b) O dispositivo letra c) do apartado 4º do acordo Plenario, de data 9/11/1998, establece: “A recuperación do plan de inversións, valorado en 31,01 pta./m³ para o ano 1.999, incrementárase no 1 por 100 anual ata o ano 2004 inclusive:

1999	31,01
2000	31,32
2001	31,63
2002	31,95
2003	32,27
2004	32,59

Para o ano 2005 e seguintes, a concesionaria detraerá do canon que se libera como consecuencia da amortización da carga financeira do préstamo de EMAVISA, 12,76 ptas./m³, quedando a cota de recuperación das inversións en 45,35 ptas. Sendo o seu desglose as 32,59 ptas./m³ do ano 2004 e as 12,76 ptas./m³ (0,0767€/m³) que se detraen do canon liberado polo préstamo de EMAVISA”.

O referido acordo se deduce do novo modelo financeiro de revisión de tarifas, para os efectos de recuperación de investimentos, trala comprobación da sobre valoración da prognoses de demanda, pretendéndose con esta fórmula a corrección dos desequilibrios anuais detectados, que afloraban no modelo como desviacións imputables a cada exercicio.

Segundo o exposto nos parágrafos anteriores o canon concesional (a favor do Concello) experimentará, a partir do 1 de xaneiro de 2005 un incremento de 0,053850€/m³.

A conveniencia de non introducir modificacións na tarifa media, e consecuentemente nas cotas tributarias aprobadas, con motivo da amortización dos investimentos previstos xustifica –a criterio do informante e en

ausencia doutros recursos dispoñibles- asignar en concepto de financiamento da actuación o canon a favor da Corporación a partir de 1 de xaneiro de 2005 unha vez extinguidas as obrigacións derivadas da subrogación, por parte da UTE SERAGUA FCC, do préstamo concertado pola empresa municipal EMAVISA.

A proxección do modelo de recuperación de investimentos, de conformidade coas previsións establecidas no acordo plenario de 9/11/98, permite determinar que un volume actualizado de investimentos equivalente a 14.454.450€ (distribuído en 18 pagos mensuais iguais e consecutivos, entre o mes de maio/2003 e outubro 2004) pode ser recuperado no prazo concesional si se destina a súa financiación –a partir do 1 de xaneiro de 2005- a contía non comprometida (0,053850€/m³) do compoñente de tarifa imputable á amortización de operacións de préstamo da referida empresa municipal.

Ós investimentos comprometidos con cargo ó volume actualizado máximo de investimentos recuperables, a partir do 1 de xaneiro de 2005, resúmense a continuación:

- *Proxecto de subministración de auga ó Concello de Vigo conexión O Casal-Valladares e peche perimetral, encomendado a AQUALIA-FCC VIGO UTE en virtude do acordo plenario de data 31/03/2003.*

7.049.844,65 €
 - *Proxecto de mellora do abastecemento na parroquia de Beade dende a conducción da subministración o parque Tecnolóxico encomendado a AQUALIA-FCC VIGO UTE en virtude do acordo plenario de data 31/03/2003.*

769.004,64€
 - *Dirección de obra e control de calidade dos proxectos mencionados anteriormente adxudicados a CIISA (Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.) segundo acordo da Comisión de Goberno na sesión de data 5/5/2003.*

215.350,15€
 - *Proxecto modificado que se propón (adicional líquido)*

1.165.083,74€
- TOTAL COMPROMISOS 9.199.283,18€

VI. CONCLUSIÓN

- a) *De conformidade co anteriormente exposto, a criterio do informante non existe inconveniente legal ningún para encomendar a execución do proxecto técnico do epígrafe ó concesionario do servizo, UTE SERAGUA FCC, e isto a teor do establecido no prego de cláusulas administrativas que rexeu o concurso, así como non parece suscitar dúbidas interpretativas o artigo 3 da Lei 48/1998, o deducirse da literalidade do dito precepto a non inclusión do proxecto no ámbito de aplicación obxectiva da mencionada lei, dándose cumprimento ó mandato contido no apartado 1 do artigo 101 da Lei de Contratos das Administracións Públicas en base o interese público que concorre na modificación do*

proxecto e a necesidade de implemantación das necesidades novas xurdidas con posterioridade a redacción do proxecto inicial.

- b) É posible a recuperación pola entidade concesionaria do gasto inversor total comprometido (9.199.283,18€) toda vez que a dita cifra é notablemente inferior á previsión máxima de amortización, deducido do modelo financeiro, segundo o establecido no penúltimo parágrafo do apartado V precedente (14.454.450€), e todo isto nun escenario de comportamento das variables do modelo moi prudente e que, con respecto das máis significativas, veuse superado positivamente na realidade e isto en base os seguintes feitos:

- Demanda do abastecemento:

ANO	MODELO FINAN. RECUPERACIÓN PLENO 9/11/98	VOLUME REAL FACTURADO	DIFERENCIA M ³	VARIACIÓN
2001	33.387*	35.274*	1.887	+ 5,65%
2002	33.934*	35.676*	1.742	+ 5,13%

* Miles de m³

En concordancia co anteriormente exposto esta xefatura propón a Xunta de Goberno, órgano o que lle está atribuída a competencia ó amparo do establecido no apartado letra f) do artigo 127 da vixente lei 7/85, segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003, a adopción do seguinte acordo:...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro delegado de Área de Servicios Xerais e pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Prestar aprobación ó proxecto modificado do de “Subministración de auga ó Concello de Vigo conexión O Casal-Valladares e peche perimetral”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Patricio Aguilar Cabanillas, cun orzamento de contrata de 9.529.316,94€ de conformidade co informe favorable emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras de data 14 de abril de 2004.

2º.- Encomendar a AQUALIA-FCC VIGO UTE concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga a execución do proxecto modificado o que se fai referencia no parágrafo precedente cun orzamento de contrata de 8.214.928,39€ (IVE excluído).

3º.- O importe resultante da previsión contida no apartado segundo precedente, unha vez acreditado o seu pagamento incorporaranse o modelo financeiro de recuperación de investimentos, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 9/11/1998, autorizándose a AQUALIA-FCC VIGO UTE para detraer do canon dispoñible, a partir do 1 de xaneiro de 2005, a cantidade máxima de 0,053850€/m³ ou cantidade menor que resulte aplicable trala activación do gasto inversor, no momento de seu pagamento, de tal sorte que se garante a recuperación do investimento e o seu financiamento durante o prazo concesional.

4º.- A AQUALIA-FCC VIGO UTE deberá manifestar, no prazo máximo de 15 días, contados a partir do seguinte o da notificación do acordo da Xunta de Goberno a ampliación do prazo que considera necesario para a execución dos traballos e o seu compromiso de contratar, no seu caso, con empresas que posúan clasificación adecuada para levar a cabo as obras descritas no proxecto, así como someter á consideración da Xunta de Goberno os honorarios da dirección de obra correspondentes á ampliación das actuacións e os de redacción do proxecto modificado.

9(484).- MELLORAS Ó PROXECTO DE DESODORIZACIÓN, NAVE DE TRANSFERENCIA E POZO DE LAMAS DIXERIDAS NA EDAR DE VIGO. EXPTE. 2361/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Comisión técnica de Seguimento Ambiental, do 21.04.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1) Con data de 29 de xaneiro de 2.004 asinouse o “PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DE DETERMINADAS OBRAS HIDRÁULICAS”.

2) En data de 3 de febreiro de 2.004 e con número de documento 40009801, o organismo autónomo Augas de Galicia remite oficio solicitando certificación acreditativa dunha serie de acordos en relación có asunto de referencia a fin de tramitar o expediente para proceder á contratación e execución das obras, ó abeiro do Decreto 84/1997, de 10 de abril, sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

3) A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 9 de febreiro de 2.004, en base os feitos e fundamentos de dereito que obran na parte expositiva, adoptou entre outros o seguinte acordo “Primeiro.- Aínda que a competencia para a aprobación definitiva do proxecto correspóndelle a Augas de Galicia, aprobar o proxecto de “desodorización nave de transferencia y depósito de fangos dixeridos en la EDAR de Vigo”, redactado polo Enxeñeiro D. Alfonso Rasilla Buhigas e remitido por Augas de Galicia, de xaneiro de 2.004, para os únicos efectos de solicitar a colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia, nos termos do Decreto 84/1997, sempre e cando resulte favorable o informe urbanístico e sen prexuízo de que a Administración Autonómica deba acadar as demais licencias, autorizacións sectoriais e intervención da

autoridade ambiental que corresponda, coas seguintes consideracións incluídas no informe do Enxeñeiro Industrial Municipal e do Director do Laboratorio Municipal de data de hoxe:

1º) Cubrición total do silo de carga e desodorización do mesmo, co dimensionamento adecuado para albergar no seu interior ó vehículo de carga.

2º) Separación das liñas de depuración no tratamento biolóxico, para impedir a contaminación cruzada no caso de producirse algún problema nalgunha das liñas.

3º) Incluír un sistema que permita a utilización alternativa dos dous emisarios existentes. Isto evitará a parada da planta no caso de avería do emisario, para a súa reparación.

E coa mesma reserva que consta no seu informe: "Estas consideracións fanse na marxe das que poidan xurdir tralo informe da auditoría que se está a realizar, informe da empresa concesionaria, informe da comisión de afectados e dos veciños".

Segundo.- Solicitar, ó Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

Terceiro.- Poñer a disposición da Administración Autonómica os terreos e auga municipais precisos para a execución das obras.

Cuarto.- Comprometerse a outorgar tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización das obras, sempre e cando proceda en aplicación da normativa vixente.

Quinto.- Tratándose dunha iniciativa municipal nos termos do Decreto 84/1997, de 10 de abril, remitirle novamente o expediente ó servizo de recursos e asesoramento, para que á vista do expediente completo emita novo informe sobre a posibilidade de renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

Sexto.- Expoñer o proxecto ó público durante vinte días hábiles.

Sétimo.- Asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras e de efectua-los traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución, nos termos da normativa reguladora do saneamento das Augas Residuais.

Oitavo.- Actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e á súa explotación e amortización, de ser necesario no momento en que sexa procedente a modificación da correspondente ordenanza fiscal reguladora.

Noveno.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta para solicita-lo financiamento.

Décimo.- Remitir un exemplar do proxecto á Xerencia de Urbanismo, a fin de que emita o correspondente informe."

4) Con data de 13 de febreiro de 2.004 o Director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo informou que:" En el plano 2.1. (planta General de Actuaciones) del Proyecto "Desodorización, Nave de Transferencia y Depósito de Fangos de la E.D.A.R. de Vigo (Pontevedra)" que remite a este Ayuntamiento, Augas de Galicia, figura el emplazamiento de las actuaciones a realizar para la consecución de las mejoras que se pretenden en el funcionamiento de la E.D.A.R. citada y cabe señalar que su implantación se sitúa en el

ámbito que en la actualidad ocupa el recinto de aquella y que en el PGOU vigente figura como SISTEMA XERAL, ordenanza 4.6."

5) Con data de 17 de febreiro de 2.004 foi remitido á Augas de Galicia: certificado do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria de 9 de febreiro de 2004, informe da Intervención Xeral, certificación relativa ós terreos onde serán executadas as obras e informe da Xerencia Municipal de Urbanismo.

6) Con data de 23 de febreiro de 2.004 foi publicado o anuncio de exposición no Boletín Oficial de Pontevedra.

7) A Xunta de Goberno Local en sesión de 1 de marzo de 2004, acordou "Remitir o proxecto a Augas de Galicia co seguinte propósito: 1º.-comprobación de que coa súa execución non se dificulta a realización das infraestructuras previstas na EDAR-Lagares de acordo co proxecto "Desodorización Nave de Transferencia e Pozo de Lamas Dixeridas na EDAR VIGO" (Expediente 2361/306)./2º.-Análise da instalación destes depósitos como alternativa ó proposto no proxecto da Administración Hidráulica de Galicia, interesando, de ser favorable, que AUGAS DE GALICIA financie a construción destes depósitos metálicos, eliminando do seu proxecto técnico a construción do depósito de lamas dixeridas, aplicando a diferenza económica á financiación doutras actuación na E.D.A.R.-LAGARES"

8) Con rexistro de entrada de data 17 de marzo de 2004 e número de documento 40027636, a "Asociación de Veciños de Coruxo", achegou alegacións ó devandito proxecto.

9) En data 2 de abril de 2004, os técnicos municipais propoñen as seguintes melloras ó proxecto presentado por Augas de Galicia:

**PROPOSTA DE MELLORAS Ó PROXECTO DE DESODORIZACIÓN, NAVE DE
TRANSFERENCIA E POZO DE LAMAS DIXERIDAS NA E.D.A.R. DE VIGO**

1.- RUÍDOS E VIBRACIÓNS

Realizado o análise de ruídos e vibracións no entorno da EDAR do Lagares por parte de empresa acreditada (VIROCEM), detectáronse niveis de contaminación acústica e vibracións superiores ós permitidos legalmente (acompañase copia do informe), na vivenda próxima a zona de pretratamento ocasionado polas bombas existentes na estación de bombeo a emisario.

Para solventar estes problemas propónse:

1.1.- Eliminación ruídos

Instalación dunha pantalla acústica a situar dentro dos terreos da E.D.A.R. e no lugar máis achegado á vivenda afectada.

1.2.- Eliminación vibracións

Instalación de manguitos flexibles nas tuberías de impulsión, no tramo entre as bombas e o primeiro pasamuros. Deste xeito as vibracións que as bombas transmiten á tubería e esta o terreo, quedan amortiguadas dentro da estación de bombeo.

Para minimizar as vibracións que se producen na aspiración das bombas, cando están en marcha dúas bombas contiguas, propónse a instalación de mámparas entre elas.

2.- SILO DE CARGA

Cubrición total do silo de carga de lodos e tamén da arqueta de reparto á reactores biolóxicos.

3.- DESODORIZACIÓN

Considérase que o proxecto debe incluír a cubrición total, tanto do silo de carga de lodos como da arqueta de reparto dos reactores biolóxicos, para eliminar totalmente a emisión de gases ó exterior dos mesmos.

4.- INDEPENDIZACIÓN DOS EMISARIOS

Co obxecto de evita-la parada da EDAR como consecuencia dunha avaría dalgún dos emisarios existentes, propónse a instalación dunha válvula con accionamento mediante motorización neumática, en cada un deles.

5.- ALTERNATIVA O TRATAMENTO QUÍMICO DE CHEIROS.

Segundo consta no proxecto redactado pola Administración Hidráulica de Galicia, o sistema elixido para algunha das zonas a tratar é mediante un sistema de lavado químico.

Por considerar que este, é un sistema eficaz pero que precisa un mantemento máis esixente e a utilización de reactivos químicos co risco que isto conleva, propónse a utilización de un sistema de biofiltros."

10) Coa mesma data de 20 de abril de 2004 o técnico que subscribe xunto co Xefe de Servicio de Electromecánicos informan en relación coas alegacións da Asociación de Veciños de Coruxo que:

"A asociación de Veciños de Coruxo, considera positivas ás medidas correctoras presentadas no proxecto xa que en xeral disminuirán notablemente as molestias ocasionadas. Consideran tamén que as medidas son insuficientes e plantexan outras medidas correctoras que a continuación se analizan:

Punto un:

- Análise da capacidade da planta: Non é unha alegación referida ó proxecto presentado por Augas de Galicia, considerase que o análise da capacidade da planta deba ser estudado ó marxe das obras a realizar.*
- Plan vixilancia, control e mantemento da planta: Non é unha alegación referida ó proxecto. A requerimento da comisión técnica a empresa concesionaria presentou un plan de mantemento, sendo devolto por consideralo insuficiente, comprometéndose a empresa concesionaria a finalizar súa implantación no mes de maio de 2004.*
- Control de verquidos industriais: Non ten relación co proxecto. O control de vertidos industriais estase a realizar a través das autorizacións de vertido.*
- Control de colectores: Non ten relación co proxecto. O control de colectores ten que ir incluído no plan de mantemento a implantar durante o mes de maio. De tódolos xeitos o Concello ten previsto instalar un sistema de telecontrol na EDAR e nas estacións de bombeo que permitirá o control en tempo real da rede de saneamento e da EDAR do Lagares de forma axeitada.*

No punto dous das medidas correctoras relaciónanse varios aspectos que non teñen relación co proxecto presentado pero que a comisión técnica está incluíndo moitos deles nas medidas que se lle solicitan a concesionario para o mellor funcionamento da planta.

Neste punto menciónanse a toma das medidas correctoras sobre ruídos e vibracións das que despois do estudio realizado por VIROCEM, a comisión técnica vai a solicitar de Augas de Galicia a implantación das mesmas para minimizar as molestias ocasionadas ós veciños.

No punto tres solicitan medidas de prevención e control de medidas de control da saúde pública: Non teñen relación co proxecto presentado. A comisión técnica unha vez recibidos ós resultados das análises realizadas no Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia, tomou a decisión de solicitar unhas análises máis completas dun laboratorio especializado. Estas análises estanse xestionando co Laboratorio INTERLAB de Madrid e esperamos que se poidan realizar proximamente."

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

I. A Lei 8/2001 do Parlamento de Galicia, de Normas reguladoras de protección da calidade das rías e ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas.

II. Decreto 84/1997, de 10 de abril, sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas Entidades Locais, en materia de abastecemento e saneamento de augas.

III. En canto á competencia corresponde a Xunta de Goberno Local consonte ó artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local.

En base ós antecedentes e fundamentos de dereito expostos, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte"

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Solicitar á Xunta de Galicia que teña por incluídas no proxecto que serva de prego e bases do procedemento selectivo que proceda, as modificacións propostas polos técnicos contidas no informe transcrito no expositivo 9 dos feitos, toda vez que no acordo da Xunta de Goberno en sesión ordinaria do 9 de febreiro de 2.004 aprobouse o proxecto "coa mesma reserva que consta no seu informe: “Estas consideracións fanse na marxe das que poidan xurdir tralo informe da auditoría que se está a realizar, informe da empresa concesionaria, informe da comisión de afectados e dos veciños””.

2º.- Solicitar, novamente de Augas de Galicia, que analice a posibilidade de substituír o depósito de lamas dixeridas do proxecto inicial, polos depósitos metálicos, construídos pola empresa

concesionaria sempre que o resultado da súa utilización resulte favorable, de conformidade co xa acordado por esta Xunta de Goberno Local en data 1 de marzo de 2004 transcrito no expositivo 7 dos feitos.

3º.- Remitir á Xunta de Galicia, fotocopia compulsada das alegacións achegadas e certificado deste acordo e ter por informadas as alegacións segundo o exposto no expositivo 10 dos feitos. Todo o anterior en cumprimento do disposto no art. 8 apartado 3 do Decreto 84/1997, de 10 de abril.

10(485).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) M^a LUIS AVENDAÑO MÉNDEZ. EXPTE. 15514/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio do 4.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 1.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 12.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Indemnizar a Dna. María Luisa Avendaño Méndez coa cantidade de 416,02 euros, valor dos danos ocasionados ó seu vehículo PO-3160-AZ, a consecuencia do impacto dun recolector de lixo na parte traseira do mesmo.

2º.- Comunica-lo acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do prevsito no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) PAULA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 15328/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio do 4.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 5.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 2.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de D^a. Paula Martínez Fernández, por non resultar probado que os danos se producisen no lugara indicado pola reclamante, nin o nexo de causalidade co funcionamento do servico público, presupostos mínimos necesarios para que se produza a responsabilidade patrimonial da Administración Municipal.

2.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do prevsito no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

S. ord. 26.04.04

11(486).- PRÓRROGA DE CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE VOZ E DATOS (TRUNKING) PARA O CONCELLO DE VIGO ADXUDICADO A TALLERES ELÉCTRICOS PONTEVEDRA S.A.. EXPTE. 1484/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 7.04.04, conformado polo concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 30-12-20002 se adxudicou o concurso para a execución dun servizo de voz e datos "Trunking" para o Concello e Vigo á empresa Talleres Eléctricos de Pontevedra, S.A.,. No citado acordo de adxudicación establecíase xa o prezo do contrato para os dous primeiros anos do contrato.

Na cláusula 2 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase a posibilidade de prorrogalo contrato por periodos anuais previo acordo do órgano de contratación.

De acordo co informado polo xefe do servizo de informática é necesario tramita-la prorroga do contrato para o periodo 15-04-2004 ó 14-04-2005.

A vista das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 15-04-2004 ó 14-04-2005 do contrato para prestación do servizo de voz e datos "Trunking" para o Concello e Vigo ádxudicado á empresa Talleres Eléctricos de Pontevedra, S.A. por acordo da Comisión de Goberno de 30-12-2000, sendo o importe da prórroga o de 63.148 €, dos que 44.730 € se imputarán ó ano 2004 e 18.418 se imputarán o ano 2005.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(487).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO ALUGUER DE MAQUINARIA PARA O CONCELLO DE VIGO ADXUDICADO A SERCOYSA GALICIA S.A. EXPTE. 40110/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 7.04.04, conformado polo concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 14-04-2003 se adxudicou o concurso para o aluguer de maquinaria para o concello e Vigo á empresa Sercoysa Galicia, S.A.

Na cláusula 2 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de 1 ano dende a data de sinatura do contrato (24-06-2003) coa posibilidade de prorroga-lo por un ano máis previo acordo do órgano de contratación.

De acordo co informado polo xefe administrativo de Vías e Obras é necesario tramita-la prorroga do contrato para un novo período .

A vista das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Autoriza-la prórroga para o período comprendido entre o 25-06-2004 ó 24-06-2005 do contrato para o aluguer de maquinaria para o concello adxudicado a Sercoysa Galicia, S.A. por acordo da Comisión de Goberno de 14-04-2003, sendo o importe da prorroga o de 162.000 euros, dos que 81.000 euros se imputaran a partida 511.0.203.00.00 do ano 2004 e 81.000 euros se imputaran a mesma partida do ano 2005”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

13(488).- PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DA SENTENCIA DO TSXG SOBRE A CONCESIÓN DE APARCAMENTOS SUBTERRÁNEOS NAS RÚA URZÁIZ E PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 11395/240.

Antecedentes

En sesión de data 2.02.04 deuse conta á Xunta de Goberno do informe do xefe da Área de Réxime Interior de 9.01.04 sobre os trámites a realizar como consecuencia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 2003 en relación coa concesión de dominio público de aparcadoiros subterráneos na rúa Urzáiz e Praza de Independencia, acordando a Xunta de Goberno “que se realicen os trámites necesarios para a execución da sentenza mencionada de acordo co que informe unha comisión formada polo secretario xeral do Pleno, o xefe de Área de Réxime Interior e o xefe do Servizo de Patrimonio”.

En sesión do 23.03.04 a Xunta de Goberno presta conformidade ó informe, de data 13.02.04, sobre os tramites necesarios na execución da referida sentenza, presentado pola devandita Comisión, polo que se acordaba o seguinte:

1º.- A comisión considera que os tramites necesarios que deberanse levar a cabo para o debido cumprimento da sentenza recaída no procedemento de contratación para a adxudicación en réxime de concesión administrativa de dominio da construción e explotación dos aparcamentos subterráneos da praza da Independencia e Urzaiz, quedan suficientemente explicitados no informe do Xefe de Réxime Interior de 09.01.2004 que se transcribe na parte expositiva do acordo da Xunta de Goberno Local de 02.02.2004.

2º.- Que de acordo co fallo da devandita sentenza e o citado informe as actuacións do expediente administrativo retrotraeranse ó tramite procedimental correspondente, de resolución expresa sobre a solicitude presentada pola empresa “Estacionamientos y Servicios S.A.”, de outorgamento de prazos para subsanación de defectos da documentación presentada por esta para a súa participación no concurso convocado.

3º.- Por conseguinte deberase convocar polo Presidente da Mesa de Contratación esta ós efectos de execución da devandita sentenza e pronunciamento expreso e motivado sobre a solicitude formulada pola empresa “Estacionamientos y Servicios, S.A.”.

Comunicándose a tódalas empresas concursantes a convocatoria de dita mesa para se así o estiman conveniente o seu personamento no acto.

Do acordado pola mesa en relación ó solicitado deberá levantarse a correspondente acta onde constará a motivación dándosele traslado no mesmo acto ós asistentes e o solicitante (Estacionamientos y Servicios, S.A.), tramite que quedará constancia na acta.

4º.- A mesa trala resolución que adopte sobre o solicitado, continuará co procedemento licitatorio ata a formulación ó órgano de contratación competente da correspondente proposta adxudicataria.

Con data 15.04.04 a Mesa de Contratación rexeitou a solicitude presentada por Estacionamientos y Servicios S.A. de outorgamento dun prazo para completa-la oferta presentada co dato de valoración da parte do terreo de dominio público a ocupar e excluir a oferta presentada por Estacionamientos y Servicios S.A. do concurso para a redacción dos proxectos básicos e proxectos de execución, construción e explotación de dous aparcamentos subterráneos para vehículos en réxime de concesión administrativa no subsolo da rúa Urzáiz e praza de Independencia.

En sesión do 19.04.04 a Mesa de Contratación celebrou sesión para continua-la tramitación do expediente e executa-la sentenza nº 2003 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

1º.- Rexeitar a solicitude presentada por “Estacionamientos y Servicios, S.A.” de outorgamento de un prazo para completar a oferta presentada co dato da valoración da parte do terreo de dominio

S. ord. 26.04.04

público a ocupar, xa que permiti-la vulneraría o segredo das propostas e o principio de igualdade que debe rexir os procedementos contractuais das administracións públicas pois unha vez abertas as plicas xa son coñecidas as valoracións do dominio público que fixeron os outros licitadores.

2º.- Excluir a oferta presentada por Estacionamientos y Servicios, S.A. do concurso para a redacción dos proxectos básicos e proxectos de execución, construción e explotación de dous aparcamentos subterráneos para vehículos, en réxime de concesión administrativa no subsolo da rúa Urzaiz e praza da Independencia polas razóns expostas nos informes que constan no expediente do xefe do sector de Réxime Interior de 13-01-1999 e do secretario xeral adxunto de 28-01-1999.

3º.- Admitir a licitación as propostas presentadas por Ferroviales Aparcamientos, S.A e a Unión Temporal de Empresas formada por Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A. e Eloymar S.A. .

4º.- Manter a proposta formulada pola mesa de contratación celebrada o día 24-02-1999 e que é a seguinte:

"1º.- Adxudicar a unión de empresas Tranvías Eléctricos de Vigo S.A.(50%) e Eloymar S.L (50%) o concurso para a concesión da redacción do proxecto básico e proxecto de execución, construción e explotación dun aparcamento subterráneo para vehículos no subsolo da rúa Urzaiz e na Praza da Independencia coas seguintes características:

O canón anual a satisfacer o Concello e de 24,64 euros (4.100 ptas)/praza/ano para o aparcamento da rúa Urzaiz (528 prazas) o que supón un canon anual de 13.010,71 euros (2.164.800 ptas) e de 12,62 euros (2.100 ptas)/praza/ano para o aparcamento da praza da Independencia (210 prazas), o que supón un canón anual de 2.650,46 euros (441.000 ptas).

O prazo de execución das obras e de 18 meses para o aparcamento da rúa urzaiz e 12 meses para o aparcamento a praza da Independencia.

As tarifas dos estacionamentos serán as seguintes:

Tarifas sin IVE	Urzaiz	Pz. Independencia.
Horaria	1,08 euros (181 pts)	0,87 euros(145 pts.)
Mensual	104,44 euros (17.379 pts)	93,25 euros(15.517 pts.)
Anual	1.148,96 euros (191.172 pts)	1025,86 euros (170.690 pts.)
Mensual nocturno	43,51 euros (7.241 pts)	36,26 euros (6.034 pts.)
Cesión superior ó ano	15.543,41 euros (2.586.207 pts)	non se oferta.

O prazo da concesión establececese en 65 anos

2º No prazo máximo dos sesenta días seguintes a notificación da adxudicación do concurso o concesionario terá que presentar os proxectos de execución dos aparcamentos nos que se

incluirlan as indicacións que figuran no informe da Oficina Técnica de Licencias asinado polos técnicos municipais María Sobrino del Río, Juan Arias Fernández e Santiago Ledo Martínez.

3º O adxudicatario no prazo dos quince días hábiles seguintes ó da notificación da adxudicación terá que constituir unha garantía definitiva por importe do tres por cento do valor do dominio público ocupado e do presuposto de execución material das obras."

14(489).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO A D. ALFONSO ALONSO RODRÍGUEZ (1º TRIMESTRE 2004). EXPTE. 2915/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Alfonso Alonso Rodríguez (nº persoal 13764) aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 183 € (CENTO OITENTA E TRES EUROS), correspondentes o 1º TRIMESTRE do ano 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

15(490).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE 16.04.04 DO CONCELLEIRO DE PERSOAL AUTORIZANDO ANULACIÓN REDUCCIÓN XORNADA POR INTERESE PARTICULAR Á FUNCIONARIA Dª CRISTINA GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 14999/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Persoal, do 16.04.04, adoptada de conformidade co informe-proposta emitido polo xefe da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 13 de abril pasado, Dona Cristina Gómez García, con posto de Xefa da Oficina de Muller , adscrita ó Departamento da Muller, solicita que se lle anule dende o día 1 de maio de 2004 a redución de xornada por interese particular que tiña autorizada por Resolución de 30 de outubro de 2003 e con efectos ata o 31 de maio.

Como queira que somentes resulta precisa a demostración da posesión de determinados requisitos para poder beneficiarse da redución de xornada cando ésta se solicita, dende esta Unidade de Persoal considerase que non hai inconvinte algún para que a funcionaria interesada volva á xornada normal de traballo a partires da data solicitada.

Ademáis, como queira que a redución de xornada estaba autorizada ata o 31 de maio, o adianto da terminación da citada situación so pode representar un beneficio para o Servizo no que a funcionaria presta os seus servizos.

Por isto, o funcionario que suscribe propón ó Concelleiro Delegado de Persoal, adopte a seguinte

RESOLUCIÓN:

“Autoriza-la anulación da redución de xornada por interese particular horas solicitada por Dona Cristina Gómez García, número de persoal 78121, con posto de Xefa da Oficina da Muller, adscrita ó Departamento da Muller a partires do día 1 de maio de 2004”

Resolvo consonte ó anterior Informe-Proposta. A presente Resolución pase á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e comuníquese á interesada, Xefatura do Servizo, Intervención Municipal e Unidade de Persoal para os efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada da precedente resolución.

16(491).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE 11.03.04 DO CONCELLEIRO DE PERSOAL RELATIVA A REDUCCIÓN DE XORNADA A D. JUAN C. GÓMEZ MOURE POR TER FILLO MENOR DE 9 MESES. 14827/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Persoal, do 11.03.04, adoptada de conformidade co informe-proposta emitido polo xefe da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 1 de marzo pasado, Don Juan C. Gómez Moure, solicita que se lle conceda redución de xornada a partir do 1 de marzo, por ter un fillo menor de nove meses de idade.

Coa solicitude achega o funcionario certificación da empresa Pili Carrera S.A., onde traballa a súa dona, na que se fai constar que está a aproveitar dunha baixa por maternidade e que renuncia á redución de xornada por lactación que lle corresponde na súa empresa.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 11, apartado a) do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo establece en relación con este tipo de redución de xornada que poderán facer uso deste dereito o pai ou a nai alternativamente, e sempre que os dous traballen por conta allea, circunstancia que se produce neste caso.

Segundo.- Pola súa banda, o Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade informa favorablemente a presente redución de xornada.

Por isto, o funcionario que subscribe propón ó Concelleiro Delegado de Persoal, adopte a seguinte Resolución:

“Autorizar a Don Juan C. Gómez Moure, bombeiro, con número de persoal 20942, unha redución da xornada diaria de hora e media, a partir do 1 de marzo de 2004 e ata o 31 de xullo de 2004, ambos inclusive.”

RESOLUCIÓN:

Resolvo consonte ó anterior Informe-Proposta. A presente resolución notifíquese ó interesado, Xefatura do Servizo e empresa onde traballa a cónxuxe; e pase á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada da precedente resolución.

17(492).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL A D. JUAN JESÚS GARCÍA ALFONSO, CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DO ANO 2003. EXPTE. 15006/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Juan Jesús García Alfonso (nº persoal 13652) aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 183 € (CENTO OITENTA E TRES EUROS), correspondentes ó 4º TRIMESTRE-2003 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

18(493).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO 2004. EXPTE. 15001/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase ó persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comeza por D. José Ramón Seijas Alvarez e remata por D. José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada

un deles, correspondentes ó mes de marzo 2004 e que ascenden a un total 561,80 € con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00- Gratificacións.

19(494).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POLOS SERVICIOS DE PALISTA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE O MES DE MARZO 2004. EXPTE. 15002/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados como palista no Parque Móbil, según relación adxunta no expediente e que comeza por don Antonio Amoedo García (nº persoal 22579) e remata por don José Luis Villarroel Vila e que ascenden a un total de 131'20 € (CENTO TRINTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), correspondente o mes de MARZO de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

20(495).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2004. EXPTE. 15003/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servicios prestados polo persoal do servicio Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de MARZO-2004, e que ascenden a un total de 1.108'64 € (MIL CENTO OITO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

21(496).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR UN VEHÍCULO OFICIAL DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE Ó 1º TRIMESTRE DO ANO 2004. EXPTE. 15007/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo sarxento do Servicio de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808) e polo administrativo, Don José Manuel González Ucha (nº persoal 17101), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 241'74 € (DOUSCENTOS CUARENTA E UN EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º trimestre de 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(497).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE Ó 1º TRIMESTRE DE 2004.EXPTE. 15008/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2004, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jaime Alvarez Pérez e remata por don Cándido Souto Benitez e que ascenden a un total de 1.429'53 € (MIL CATROCENTOS VINTENOVE EUROS CON CINCOENTA E TRES CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

23(498).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR UN VEHÍCULO OFICIAL DO PERSOAL DO SERVICIO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó 1º TRIMESTRE DE 2004. EXPTE. 15010/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Servicio de Desinfección por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, aboarase ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no

S. ord. 26.04.04

expediente e que comencan por don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por don Manuel Antonio Pereiro Alonso e que ascenden a un total de 425'34 € (CATROCENTAS VINTECINCO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondente o 1º trimestre de 2004.

24(499).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO SERVICIO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2004 POR EXCESO DE XORNADA ANUAL. EXPTE. 15004/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de MARZO-2004, e que ascenden a un total de 586'50 € (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

25(500).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVICIOS PRESTADOS DE GRAN GALA NO DÍA DA RECONQUISTA. EXPTE. 15005/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do Día da Reconquista aboarase ó persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por D. David Campos Cereijo e rematan por D. José Miguel Rodríguez Rodríguez, por unha cantidade total de 428,32 €.

26(501).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2004. EXPTE. 15018/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan [por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios](#) e rematan [por don Sergio Manuel Rey Vázquez do IMD](#), os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 81.897'99 € (OITENTA E UN MIL OITOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de MARZO de 2004.

27(502).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DUN/A OFICIAL SEPULTUREIRO/A POLO PERÍODO DE 4 MESES. EXPTE. 15011/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 16.04.04 que di o seguinte:

Antecedentes.-

Con data 6 de abril de 2004, a xefa do negociado de Cemiterios, coa conformidade do xefe da area correspondente e do concelleiro-delegado de Sanidade, solicitou a contratación dun/dunha oficial sepultureiro/a, por un periodo de 4 meses, para garanti-lo disfrute do periodo vacacional dos traballadores do servizo e poder atende-los soterramentos dos oito cemiterios municipais, agravado todo isto pola existencia dunha vacante por xubilación do titular da praza, dunha baixa permanente por estar liberado sindical o seu titular, as horas sindicais que habitualmente disfruta outro oficial do Servizo e a aplicación da xornada reducida de verán, que ós traballadores deste servizo non poden disfrutar e que xenera compensación de horas.

Fundamentos legais.-

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio, da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para

S. ord. 26.04.04

o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84 de 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público. Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95.

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97 de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, agás nos casos de urxencia.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente o ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, prevíase expresamente na base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións a través dos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

En consecuencia co exposto, o/a seguinte aspirante da referida lista resultaría ser D^a. NOEMI YOLANDA VIEITEZ OITABEN, NIF 36.098.356-V, a cal aceptou expresamente mediante escrito de data 16 de abril actual, unha eventual contratación temporal por acumulación de tarefas, para cubri-lo período vacacional do persoal do Servicio.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual establécese, como máximo, en seis meses.

Enténdese, por outra banda, amparada esta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da Lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo elo, e visto o informe da Intervención Xeral no que indica que existe consignación suficiente para facer fronte ó gasto que se propón, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:...”

Conclúe o expediente formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro-delegado de Área de Xestión Municipal.

Consta no expediente informe favorable do técnico de Intervención do 21.04.04 conformado pola interventora xeral.

S. ord. 26.04.04

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, acorda:

1º.- Contratar a Dª. NOEMI YOLANDA VIEITEZ OITABEN, NIF 36.098.356-V como Oficial Sepultureira, por un periodo de catro meses (1 de xuño de 2004 ata o 30 de setembro de 2004), cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro.

2º.- Percibirá o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extra e vacacións do posto de traballo 205 –Oficial Sepultureiro/a.

28(503).- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE DICTAME Ó CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA SOBRE A RECLAMACIÓN DE Dª Mª TERESA PALLARÉS CRESPO POR DANOS PRODUCIDOS NO IMD. EXPTE. 15024/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 19.04.04, en relación coa reclamación de Dª. María Teresa Pallarés Crespo polos danos físicos sufridos no IMD, que di o seguinte:

En data 27 de xuño de 2002 o Consello Consultivo de Galicia emitiu dictame sobre o expediente de “reclamación a nome de dona María Teresa Pallarés Crespo polos danos físicos sufridos, consistentes en dobre fractura de radio (man e brazo esquerdo), ó caer cara a atrás cando practicaba a patinaxe nun curso impartido no Palacio de Deportes de Vigo”, que foi enviado para o seu preceptivo informe ós efectos previstos no artº 12 do Real Decreto 429/1993 de 26 de marzo.

A proposta do Secretario-delegado do Consello de Administración do Instituto Municipal dos Deportes era desestimatoria da pretensión de indemnización de danos e prexuízos á reclamante.

O Consello Consultivo recolle nos antecedentes os diversos trámites seguidos con motivo da instrución do expediente devolvendo este sen a emisión do dictame preceptivo, que en síntese fundaméntao en:

- *Necesidade de outorgar trámite de audiencia ó reclamante.*
- *Que ningún órgano do IMD, segundo os estatutos en vigor ostenta competencia para a resolución do expediente nin conseguintemente para que o seu presidente estea lexitimado para interesalo dictame preceptivo e que polo tanto, a proposta de resolución deber realizarse polo Concello como ente de cobertura do organismo autónomo.*

En relación co escrito e sen prexuízo da proposta que logo se fará a Xunta de Goberno Local, cumpre indicar que se ben nos estatutos do Instituto Municipal de Deportes non figura atribuída a competencia específica para adoptar resolución de expedientes en materia de reclamación de danos e prexuízos, non

S. ord. 26.04.04

obstante o apartado letra e do artº 11 puidera comprendela mesma polo menos no sentido non restrictivo de entender que esta atribución ten un sentido residual, e puidera alcanzar nun só exercicio de accións administrativas ou xudiciais senón amais a defensa das que exerciten os particulares.

Indicar por outra parte que segundo consta no expediente e como foi interesado no referido escrito do Consello Consultivo, por decreto de 5 de agosto outorgouse trámite de audiencia á reclamante durante o prazo de quince días hábiles sen que fixera uso do dereito de formular alegación algunha tal como consta na documentación incorporada ó expediente.

En razón ó exposto e atendendo o dictame do Consello Consultivo de Galicia de 27 de xuño de 2002 nº de entrada do Rexistro Xeral 41220/2002, proponse á Xunta de Goberno Local conforme a delegación que ten atribuída por resolución da Alcaldesa en data 2 de xaneiro de 2004, apartado letra c) “I.- Sexto”, acorde:....”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, acorda:

Primeiro.- Prestar conformidade ó informe proposta do Xefe da Área de Réxime Interior a efectos de interesar novo dictame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia o abeiro do previsto no capítulo segundo do Decreto 287/1996 de 12 de xullo polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, informe que se recolle no texto que se transcribe:

Mª Teresa Pallares Crespo, en escrito nº de entrada no rexistro xeral 31063/1999, formula reclamación de anos e prexuízos, representada por dona Lucía González Astray, por supostas secuelas producidas a causa de lesións por un grave accidente sufrido no ano 1994 mentres practicaba deporte de patinaxe no Instituto Municipal dos Deportes, fixando a contía de indemnización en 4.000.000.- ptas. e achega copia de informe médico do Policlínico Vigo, S.A. (POVISA) e outro da clínica Médica Drs. Rivadulla Martínez e P. Rivadulla Barrientos nos que se poñen de manifesto determinadas limitacións como consecuencia da práctica de patinaxe.

Interesada información complementaria en escrito 17 de decembro de 2001 ó abeiro do artº 6º do Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, compe informalo seguinte, á vista do escrito de resposta do interesado de data 3 de xaneiro de 2002.

a) *Que o accidente aconteceu o día 20 de xullo de 1994, sobre as 10:30 horas producíndose unha fractura cando realizaba exercicios en grupo, ordenado por unha monitora encargada da clase que posteriormente acompañou á interesada o centro sanitario POVISA.*

b) *Que aporta copia de xustificante do Instituto Municipal dos Deportes acreditativo da inscrición da interesada no curso de patinaxe e así mesmo copia do documento acreditativo de asistencia sanitaria no centro POVISA ás 13 horas do día 20-07-1994, importando 12.733.- ptas., sen que se aporte diagnóstico.*

c) *Aduce en concepto de relación da causalidade que na participación dos cursos convocados non se fixera distinción de participantes para patinar entre persoas de distinto nivel e desta circunstancia pretende deducir que é imputable a responsabilidade á Administración en base a tal circunstancia.*

d) *Invoca en apoio da súa pretensión a normativa contida na Lei 30/1992 na súa redacción vixente a normativa regulamentaria.*

e) *A efectos de probas propón, ademais das que constan no expediente aportadas ó mesmo, se aporte ou practique a seguinte:*

Se interese testemuña das seguintes persoal:

- *Don Manuel Lorigados Cao, con D.N.I. nº 76.801.205, con domicilio no Paseo de Alfonso XII, nº 35.*
- *Don Brais Lorigados Pallarés, con domicilio en Avda. García Barbón, nº 116-entrechán A.*

Por Decreto do Concelleiro-Delegado de Deportes en data 10 de xaneiro de 2002 dispúxose a realización das probas propostas e a mais interesou informe do Director Técnico do Instituto Municipal dos Deportes, e da práctica das mesmas e do informe referido, resulta:

A) 1.- Que das testemuñas propostas na práctica de probas pola reclamante, o seu fillo –Brais Lorigados Pallarés- limitábase a manifestar que concurría á práctica de patinaxe coa súa nai, que estaban presentes dúas monitoras, cando ela caeu cara atrás, sen que na súa testemuña se faga alusión algunha a que existirán obstáculos ou calesquera deficiencias que motivaran a caída, testemuña non desvirtuada pola manifestación de don Manuel Lorigados Cao, ex-marido da reclamante, aínda que a versión dos feitos non engade nada á do seu fillo.

2.- O Director Técnico no seu informe, de data 11 de febreiro de 2002, manifesta que as actividades como a de patinaxe se desenvolven anualmente a través de Clubs, e precisa que neste suposto non existen requisitos especiais, agás pagamento de cuotas nin consta parte de incidencias no que se reflectirá o accidente.

3.- Do escrito de reclamación da interesada Sra. Pallares Crespo e do escrito complementario de 3 de xaneiro de 2002, a petición da Administración, aparte facerse referencia no mesmo a determinados extremos de non relevancia na instrución do expediente, invoca respecto á presunta relación de causalidade que os cursos convocados deberían facerse diferenciadamente segundo estiveran os participantes iniciados ou non nesta práctica, aducindo amais a inadecuación de vixilancia suficiente. -só dous monitores-

4.- En razón ós feitos que se constatan segundo a instrución do expediente por tratarse do extremos máis relevante neste caso, tense que rexeitar a relación de causalidade que invoca segundo se recolle no precedente apartado, polos motivos seguintes:

- a) *A descrición do feito que expón a reclamante de basear a imputación da responsabilidade ó Instituto Municipal dos Deportes, en modo algún pode ser determinante da consecuencia e efectos pretendidos, ó limitarse a deixar constancia de que na práctica do exercicio, caíra, aseveración coincidente coa testemuña do seu fillo sen que especificara circunstancia algunha que incidise directa nin indirectamente, nin concorrera coa doutras persoas que practicaban o exercicio no dito lugar, nin existiran deficiencias no pavimento*

nin nas instalacións que tampouco denuncia a reclamante e a presenza de dous monitores que permanecían no local, non pode ser motivo de falta de vixilancia, en que pretende ampararse a reclamante, tanto mais canto que o número de participantes –entre 15 e 20- é reducido estimándose suficiente a presenza de dous monitores, para atendelo desenvolvemento das prácticas.

- b) Pola realización dun exercicio dependente do comportamento e adestramento do usuario dos servizos que presta a Administración, non é viable legalmente imputala, responsabilidade á Administración.*

É de indicar que con posterioridade ó dictame do Consello Consultivo e como neste se indica outorgouse á reclamante Dona M^a Teresa Pallarés Crespo trámite de audiencia durante o prazo de 15 días para que puidera formular alegacións e presentar documentos e xustificacións que estimara pertinentes, sen que o formulase no prazo indicado.

B) Respecto á fundamentación xurídica, a responsabilidade patrimonial da Administración Pública fundaméntase nas disposicións legais e regulamentarias contidas respectivamente no título X da vixente Lei de procedemento administrativo común e no Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial e a tales efectos compre indicar:

Que segundo o artº 2 do dito regulamento é requisito inescusable que as lesións que os particulares sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sexan consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos e cónstase, polos feitos en que se basea a reclamación e as testemuñas, que o accidente sufrido en absoluto é imputable á Administración senón ó comportamento da interesada, xa que logo non mediou circunstancia algunha motivadora que xustifique a responsabilidade da Administración. O contrario sería soste que sen mediar circunstancia de risco, a Administración tivera que facer fronte a calquera reclamación, de xeito absolutamente cego e motivado nunha responsabilidade absurda ó pretender que a Administración resarza todo, absolutamente todo, desligado de toda actuación ou proceder.

E de salientar que conseguintemente, non é viable legalmente ampararse xenericamente na responsabilidade da Administración para pretender lexitimar en tal título a conducta negligente da reclamante, toda vez que a Administración tiña establecido a vixilancia correspondente, e efectivamente, alí se atopaban dous monitores, tendo que rexeitarse a argumentación de que concorreran na patinaxe persoas con idades distintas, xa que non invocan, por non existir normativa que prohiba ou esixa maior número. É de significar que a lesión se produciría, calquera que foxe o número de vixilantes e a intensidade da mesma e, polo tanto, non se pode anudalo dano á Administración Pública, xa que logo non existe relación directa, inmediata a exclusiva determinante de causa e efecto de imputación, polo contrario o risco foi creado exclusivamente pola reclamante.

En razón ó exposto e ós efectos do artº 12 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, proponse a desestimación da reclamación de danos e prexuízos formulada por dona Lucia González Astray en representación de dona M^a Teresa Pallarés Crespo (escrito nº rexistro 31063/1999), toda vez que non existe nin concorre relación de causalidade entre o fundamento do servizo xestionado polo Instituto Municipal dos Deportes, e a lesión sufrida pola reclamante polos motivos e fundamentación xurídica esgrimida no precedente informe xustificativo da presente proposta.

Segundo.- Facultar á Alcaldesa para solicitar dictame do Consello Consultivo de Galicia conforme ó previsto no nº 2 do artº 12 da Lei de 10 de novembro de 1995 do Parlamento de Galicia polo que se crea o Consello Consultivo de Galicia.

29(504).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. JOSÉ MALVAR CONSTRUCCIONES S.A. CONSTITUÍDAS PARA RESPONDER DAS OBRAS DO RECINTO FEIRAL EN COTOGRANDE E CTRA. DE ACCESO A COTOGRANDE POLA ANTIGA VÍA DO TRANVÍA. EXPTE.952/400.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de 10 de marzo de 2004 de D. Emilio García Rodríguez, Director dos Servicios Técnicos desta Xerencia de Urbanismo, e de D. Sergio Glez. Prada, enxeñeiro municipal de camiños, de 16 de marzo de 2004, da interventora xeral do Concello de 16.04.04, e do xefe dos Servicios Centrais, do 21.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver as seguintes fianzas a nome de JOSE MALVAR CONSTRUCCIONES, SL (agora SA), con CIF B-36002038, totas elas para garantir a obra “RECINTO FERIAL EN COTOGRANDE”-“CTRA. DE ACCESO A COTOGRANDE POLA ANTIGA VÍA DO TRANVÍA (DENDE RAMÓN NIETO Ó AEROPORTO)”:

- Aval AMAYA CIA SEGUROS de 9.674.500 ptas. (58.144,92 €), de data 4 de enero de 1990.
- Aval AMAYA CIA SEGUROS de 1.085.327 ptas.(6.522,95 €), de data 24 de enero de 1991.
- Aval AMAYA CIA SEGUROS de 59.656.000 ptas.(358.539,78 €), de data 25 de abril de 1991.
- Aval MAPFRE C. Y C. de 702.876 ptas.(4.224,37 €), de data 22 de novembro de 1991.
- Aval AMAYA CIA SEGUROS de 1.738.624 ptas.(10.449,34 €), de data 15 de setembro de 1992.

30(505).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE NA U.E. IV-07 MONTECELO. EXPTE. 8492/411.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do técnico da Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 7.04.04, que di o seguinte:

1º.- O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, ó remate da rúa Montecelo Alto na de Travesía de Vigo, --números 72 a 86-- e na prolongación do vial de nova apertura que enlaza estas dúas rúas, delimita a unidade de execución denominada U.E. IV-07 Montecelo Alto, cunha superficie aproximada de 2.000

m²; 2 m²/ m² de edificabilidade sobre rasante; 300 m² de cesión mínima para zona verde; os usos permitidos polas ordenanzas 1.1. e 1.2 e a compensación como sistema de actuación.

2º.- A ordenación deste ámbito remítase na ficha da unidade de execución do PXOU a un Estudio de Detalle que foi aprobado polo Concello-Pleno en sesión de 26 de outubro de 1995.

O Estudio de Detalle aprobado, axustado á ficha de características do Plan Xeral, ordea os volumes de acordo coas especificacións daquela, respetando as aliñacións previstas no Plan Xeral, cos naturais axustes debidos a tipoloxía, edificación e viario xa existente.

A superficie da unidade de execución que figura na ficha –2.000 m²-- corríxese ós 2.062 m² que resultan da medición realizada do ámbito, reaxustando, en consecuencia, de acordo co apartado 3.2.2, das Normas Urbanísticas, as superficies mínimas de cesión, que pasan a ser 309,30, prevendose a tal fin 352,30 m² de superficies verdes e libres, dos que uns 110 m² corresponden a beirarrúas, así como a edificabilidade total resultante que se fixa en 4.124 m² construíbles.

As alturas dos sólidos sitúanse entre dúas e catro plantas, agás a do sólido que se adosa á parede cega do edificio número 163 da rúa Travesía de Vigo que pode chegar ata as dez plantas.

3º.- Con data 3 de xullo de 2003 a entidade mercantil “Gestiones Urbanísticas y de Negocios S.L.”, actual propietaria da meirande parte da unidade de execución e titular dunha opción de permuta sobre a parte restante, solicita desta Administración municipal a modificación do estudio de detalle aprobado, conforme a documentación aportada, redactada polos mesmos arquitectos responsables do proxecto inicial, D. Antonio Hernández Crespo e D. José A. Alonso Rial, con data de visado do COAG de 30 de xuño de 2003. A documentación aportada foi completada e reformada co plano 01, delimitación, e o 03-bis de planta xeral do ámbito, con datas de visado de 19 de agosto de 2003.

4º.- A modificación que agora se presenta ten por obxecto reordena-la edificabilidade resultante de 4.124,00 m² a construír, en tres sólidos, dous de catro plantas e un e dez plantas, rebaixando a ocupación sobre rasante. Figura para cesión de viario unha superficie de 391,22 m²; para zona verde unha cesión de 315,00 m² de superficie e para as beirarrúas anexas á zona verde e ó viario 161,48 m² de superficie.

O cadro comparativo que figura no informe técnico de 5 de abril de 2004 é o que segue:

COMPARATIVO

	FICHA PXOU	E.D APROBADO	E.D. REFORM.	MINIMO/MAXIMO
SUPERFICIE	2.000,00 m ²	2.062,00 m ²	2.062,00 m ²	
EDIFICABILIDAD E	2 m ² / m ²	2 m ² / m ²	2 m ² / m ²	2 m ² / m ²
ZONAS VERDES	300,00 m ²	252,30 m ²	315,00 m ²	309,30 m ²
BEIRARRUAS	-----	110,00 m ²	161,48 m ²	-----
VIARIO	-----	508,50 m ²	391,22 m ²	

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

I.- O Estudio de Detalle presentado refírese a unha unidade urbana completa; redáctase cunha das finalidades sinaladas no artigo 73.1 da LOUGA: ordenación dos volumes edificables; axústase ás previsións do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo que desenvolve, sinaladamente á excepción dos límites de altura das edificacións previstas no apartado d) da ordenanza 1.1. de edificación pechada (3.4.1.) das normas urbanísticas do vixente PXOU, xustificada na necesidade de obter unha solución de axuste coas edificacións colindantes e contén a documentación requirida polo artigo 66 do Regulamento de Planeamento.

II.- De acordo co disposto no apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU os propietarios do ámbito deberán asumir a conservación das zonas verdes de nova creación bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais. Igualmente, de conformidade co disposto no acordo da Comisión Municipal de Goberno de 7 de febreiro de 1991, sobre “condicións con carácter xeral en cesións de dereito de superficie” serán de conta do cedente, propietarios e copropietarios dos locais e vivendas da edificación, a conservación do uso da superficie que se constituía, sobre e baixo rasante, sen prexuízo da potestade municipal de vixianza, comprobación e execución das obras que o Concello considere convintes; condicións que deberán figurar no acordo de concesión da licenza de obra para a edificación a executar na parcela sobre a que se constituíu o dereito de superficie, na escritura pública que se deberá outorgar para constituí-lo dito dereito e na de división horizontal da edificación.

III.- De conformidade co artigo 86.2 da LOUGA, os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal ha aprobalos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

IV.- Finalmente, de acordo cos artigos 123 e 127.1.d) da LBRBL, é competente para a aprobación inicial dos estudos de detalle a Xunta de Goberno Local e para a definitiva o Concello-Pleno por maioría simple de votos.

Por todo o exposto, e á vista das precedentes consideracións e artigos citados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda.

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de estudio de detalle da U.E. IV-07 Montecelo (expte. 8492411), promovido pola entidade mercantil Gestiones Urbanísticas y de Negocios, S.L, redactado polos arquitectos D. Antonio Hernández Crespo e D. José A. Alonso Rial, con visado do COAG de datas 30 de xuño e 19 de agosto de 2003.

2º.- Sométese o presente expediente ó trámite de información pública polo prazo vinte días, mediante publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación da provincia.

3º.- Comuníquese á entidade mercantil Gestiones Urbanísticas y de Negocios S.L. que de conformidade co preceptuado no apartado 3.2.3.5.b) "in fine" das Normas Urbanísticas do vixente PXOU de Vigo e o acordo da Comisión Municipal de Goberno de 7 de febreiro de 1991, sobre condicións de carácter xeral en cesións de uso de superficie, os propietarios dos inmobles deberán asumir a conservación e mantemento das zonas verdes e libres así como dos espazos de uso público en superficie de conformidade co sinalado no apartado II das consideracións de dereito do acordo.

31(506).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE "O CASAL" NO PEMIE IV-01 SAMPAIO. EXPTE. 23611/250.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 31.03.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1) O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do día 31 de marzo de 1995, acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle "O CASAL" - no ámbito do Plan Especial de Mellora de Infraestructuras e Equipamentos denominado IV-01 PEMIE SAMPAIO- (3015/411).

Nos antecedentes deste acordo faise constar expresamente que o Secretario Xeral en funcións, con data 18 de marzo de 1.995, emitiu informe, segundo o cal: "(...)parece xusta a aprobación definitiva do presente Estudio de Detalle, sempre que se cumpran previamente estas actuacións: (...) 3ª. Que os propietarios se comprometan a executar pola súa conta e ás súas expensas a urbanización e a soporta-la carga da conservación./ O acordo de aprobación definitiva do E. De Detalle, para o caso de se outorgar, deberá recollerse a carga de urbanización e de conservación para os promotores (...)"

2) O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do día 26 de outubro de 1.995, acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización "O CASAL" en Casal de Abaixo, establecendo que "de non presentarse alegacións durante a exposición pública, o proxecto, automaticamente, considérase aprobado definitivamente". Consonte ás certificacións de data 19.1.96 e 29.1.96, non se achegou alegación ningunha, polo que quedou aprobado automaticamente con efectos de data de 18 de xaneiro de 1.996.

3) Con data de 13 de marzo de 1.998 don Jaime Riera Nieves, Arquitecto, solicita a iniciación do trámite para a inspección das obras e da súa correspondente recepción por parte do Concello.

S. ord. 26.04.04

4) Con datas de 31 de marzo de 1.998 e de 12 de febreiro de 2.002 requírese ó solicitante para subsanación da solicitude.

5) Con data de 17 de xuño de 2.002, don JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ DURÁN, en representación da comunidade de propietarios URBANIZACIÓN "O CASAL", "COMPLEXO RESIDENCIAL BOAVISTA" solicita a recepción das obras de urbanización, achegando documentación.

Entre a documentación achegada figura a escritura pública outorgada ante o Notario do Iltre. Colexio da Coruña, D. Manuel Martínez Rebollido, co número mil sesenta e oito do seu protocolo e con data de 28 de xuño de 1.996, por Don Antonio Rodríguez Segura en nome e representación da mercantil "PROMOCIONES INMOBILIARIAS COBELO-VIGO, SOCIEDAD LIMITADA", na que cede gratuitamente, en pleno dominio e libre de cargas ó Excmo. Concello de Vigo, as seguintes parcelas:

"1) PARCELA NÚMERO 8: (VIAL INTERIOR). Mide SEISCIENTOS NOVENTA Y UN METROS CUARENTA Y DOS DECÍMETROS CUADRADOS, y se destina a vial interior. Linda: Norte, parcela número 9 (senda peatonal); Sur, rúa Casal de Abaixo; Este, parcelas números 6,7 y 12; y Oeste, parcelas números 1,2,3,4 y 5.

2) PARCELA NÚMERO 9: (ZONA VERDE PÚBLICA+SENDA PEATONAL).Superficie: 781,37 m2.para zona verde pública y 281,00 m2. Más, para senda peatonal, en total, MIL SESENTA Y DOS METROS TREINTA Y SIETE DECÍMETROS CUADRADOS; linda: Norte, camino público y herederos de Domingo Cabaleiro; Sur, parcelas números 5,6,8 (vial interior); Este, herederos de Domingo cAbaleiro y rúa Casal de Abaixo; y Oeste, Avenida del Aeropuerto y camino público.

3) PARCELA NÚMERO 10: (AMPLIACIÓN RÚA CABALARIA). Superficie: CIENTO NOVENTA Y SIETE METROS TREINTA Y CUATRO DECÍMETROS CUADRADOS. Linda: Norte, parcela 1; Sur, rúa Cabalaria; Este, rúa Casal de Abaixo; y, Oeste, rúa Cabalaria.

4) PARCELA NÚMERO 11: (AMPLIACIÓN RÚA CASAL DE ABAIXO). Superficie: VENTIDÓS METROS SESENTA Y OCHO DEMÍMETROS CUADRADOS. Linda: Norte, Sur y Este, rúa Casal de Abaixo; y Oeste, parcela número 7."

No expositivo II da escritura faise constar que "b).- Y, según Acuerdo de la Comisión Municipal de Gobierno del concello de Vigo, de fecha 24 de Mayo de 1.996 (que pone fin a la vía administrativa), SE AUTORIZA la parcelación urbanística de la finca matriz "URBANA en el lugar nombrado "CASAL" (...)/ (...)la eficacia de la parcelación autorizada queda sujeta al otorgamiento de escritura pública de cesiones obligatorias y gratuitas del domino de las parcelas, libres de cargas y gravámenes, en favor del Concello de Vigo, con destino a viales, zonas verdes; y que la promotora será requerida para que ceda igualmente en escritura pública gratuitamente al Concello de Vigo el dominio del nuevo vial interior para uso público, y que se describe en la documentación del Arquitecto, que se inscribirá en el Registro de la Propiedad y se incluirá dicho vial también en cartografía municipal(...)"

Por dilixencia de data de 2 de xuño de 1.996, faise constar, a continuación da devandita escritura, a aceptación do Ilmo. Sr. Alcalde, en representación do Concello de Vigo.

6) Polo enxeñeiro xefe do servizo de vías e obras en data de 13 de febreiro de 2004 infórmase que:

"Con data 17/06/2002 don José Antonio Fernández Durán en nome e representación da Comunidade de Propietarios da "URBANIZACIÓN CASAL" mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción definitiva das obras contempladas no proxecto de urbanización O CASAL (U.E. IV-01 PEMIE SAMPAIO) aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión do día 31/03/1995.

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- *Plano de recepción definitiva.*
- *Acta de recepción das obras por parte da Propiedade conformada pola propia comunidade de propietarios, empresa constructora e dirección facultativa das obras.*
- *Certificación do técnico director das obras no sentido de que as obras axústanse ó proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.*
- *Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ao Concello.*

En orde á recepción definitiva das obras de urbanización agora solicitadas, foron inspeccionadas e solicitados os correspondentes informes aos servicios de Electromecánicos; Montes, Parques e Xardíns e aos servicios técnicos de Aqualia empresa concesionaria dos servicios de abastecemento e saneamento de augas, cos seguintes resultados:

En data 06/11/2003 o enxeñeiro técnico do servicio de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras axústanse sensiblemente ás contempladas no proxecto de urbanización aprobado e que as deficiencias detectadas inicialmente xa foron arranxadas correctamente.

Con data 06/10/2003 o Servicio de Montes, Parques e Xardíns, informa que as obras de urbanización adáptanse aos criterios deste servicio.

Con data 23/06/2003 o Servicio de Electromecánicos, informa que a instalación cumpre coa normativa vixente.

Con data 10/02/2004 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia, informa de forma favorable respecto ás instalacións executadas.

Polo exposto somete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte:

PROPOSTA:

1. *Aproba-la recepción definitiva descrita das obras de urbanización da Unidade IV-01 PEMIE SAMPAIO no ámbito delimitado no proxecto de URBANIZACIÓN O CASAL.*
2. *Dar traslado deste acordo aos seguintes servicios municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."*

7) Polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, infórmase con data de 20 de febreiro de 2.004 que "las obras que se propone recibir responde a las previsiones contenidas en el Estudio de Detalle "O Casal" (Exp-3015/411) aprobado definitivamente el 31/03/95. Cuando se

produce esta aprobación, en el informe del Secretario General de 18/03/95 se hace mención expresa de la obligación por parte de los propietarios de la conservación de la urbanización.

Habida cuenta de que el vial interior, por el que se accede a las viviendas, tiene restringido su acceso con elementos físicos, cabe entender que el mismo debe ser objeto de mantenimiento privado no así el resto de las cesiones, como la zona verde y el camino peatonal por el que a ella se llega.

Las obras se detallaron en el correspondiente Proyecto de Urbanización (Exp-3926/401) aprobado definitivamente el 18/01/96".

Ós anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerase polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

III. Consonte os informes favorables do Enxeñeiro Xefe do Servicio de Vías e Obras e do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo procede a recepción das obras de urbanización.

IV. De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do RC, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, consonte o artigo 148 do TRLCAP.

IV. En canto á conservación das obras de urbanización, o Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, de aplicación supletoria, dispón no seu artigo 25.3 que:

"3. Será obligatoria la constitución de una entidad de conservación siempre que el deber de conservación de las obras de urbanización recaiga sobre los propietarios comprendidos en un polígono o unidad de actuación en virtud de las determinaciones del Plan de ordenación o bases del programa de actuación urbanística o resulte expresamente de disposiciones legales./En tales supuestos, la pertenencia a la entidad de conservación será obligatoria para todos los propietarios comprendidos en su ámbito territorial."

No mesmo sentido o seu artigo 68 confrontado co 67.

En consecuencia, os propietarios están obrigados á conservación das obras de urbanización, como xa constaba no expositivo do acordo do Pleno do Concello de Vigo adoptado en sesión do día 31 de marzo de 1995, toda vez que a obriga dos propietarios de conserva-las zonas verdes e libres de cesión obrigatoria ó Concello, ven

recollida no apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993, agás para as zonas verdes e libres que teñan a consideración de sistemas xerais.

VI. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar a RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE "O CASAL" (IV-01 PEMIE Sampaio), á vista do informe do Enxeñeiro Xefe do Servicio de Vías e Obras de 13 de febreiro de 2004 no que manifesta que as obras se adaptan sensiblemente ás previstas no proxecto de urbanización, toda vez que se trata dun acto reglado.

O anterior, sen prexuízo das medidas que poida adoptar o Concello de Vigo en relación coa situación de restricción de acceso do vial interior da que deixa constancia o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas no seu informe de 20 de febreiro de 2.004.

2º.- Requirir para a constitución de entidade de conservación ós propietarios da Urbanización "O Casal".

3º.- Notificar o contido íntegro deste acordo ós propietarios da Urbanización O CASAL, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses , sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

4º.- Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de Licencias de obras, Vías e Obras, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio e Contratación, Estatística e Cultura, e á concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

32(507).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.E. II-07 ATLÁNTIDA. EXPTE. 39195/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 2.04.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1) O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 23 de decembro de 1.994, acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle na U.A. II-07 Atlántida.

2) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, acordou aprobar o proxecto de urbanización da U.A. II-07 Atlántida, en sesión de 30 de abril de 1.999.

3) Por resolución da Presidencia da Xerencia de Urbanismo de 25 de maio de 1.999 aprobouse o Proxecto de Compensación da U.E. II-07.

4) Con data de 19 de novembro de 1999 e número 3.522, perante o notario don JOSÉ ANTONIO SOMOZA SÁNCHEZ protocolizouse o devandito Proxecto de Compensación.

5) Con data de 27 de marzo de 2.003 don Manuel Vázquez Domínguez, en representación de "PROMOCIONES MANUEL VÁZQUEZ, S.L." outorgou escritura pública ante o Notario don JOSÉ PIÑEIRO PRIETO co número 633 do seu protocolo, na que cede gratuitamente a favor do Concello de Vigo, o uso de superficie na traseira da edificación de 286,50 m2. Asemade, contempla que "La conservación del uso de superficie, sobre bajo y rasante, será de cuenta de la Entidad promotora, de los propietarios y copropietarios de los locales y viviendas del edificio, sin perjuicio de la potestad municipal de vigilancia, comprobación y ejecución de obras que el Ayuntamiento considere convenientes".

6) Na escritura pública outorgada o 30 de abril de 2.002, perante o Notario don JOSÉ PEDRO RIOL LÓPEZ co número 1349 do seu protocolo, por don Manuel Vázquez Domínguez, en representación de "PROMOCIONES MANUEL VÁZQUEZ, S.L." de declaración de obra nova en construción e constitución do réxime da propiedade, recóllese nas Normas xerais que: "De acuerdo con lo previsto en la aprobación de la unidad de ejecución II-07, la zona verde de uso público, serán por cuenta de los propietarios o copropietarios de los distintos locales y viviendas del edificio, la conservación de la misma zona verde. Todo ello sin perjuicio de la competencia de la administración municipal de vigilar y comprobar las condiciones de seguridad, salubridad y ornato público de dicha zona verde; de las órdenes de ejecución que el Ayuntamiento pueda dictar para realizar las obras necesarias a fin de mantener las indicadas condiciones y de las que el Ayuntamiento de Vigo pueda directamente realizar con el mismo objeto.

Las obligaciones derivadas de las condiciones establecidas por el Ayuntamiento de Vigo, reflejadas en el párrafo anterior, serán de cargo de cada uno de los propietarios del mismo edificio, en proporción a la cuota de participación que le corresponda con respecto al valor del inmueble".

7) Con rexistro de entrada de 9 de outubro de 2.003 e número de documento 30086275, don Alberto Moreno García, Director das Obras de "URBANIZACIÓN DA U.E. II-07 ATLÁTIDA", achega informe e acta de recepción definitiva por parte da propiedade.

8) Con rexistro de entrada de data de 2 de xaneiro de 2.004 e número de documento 40000008, don Manuel Vázquez Domínguez, en representación de "PROMOCIONES MANUEL VÁZQUEZ S.L." solicita a recepción das obras de URBANIZACIÓN DA U.E. II-07 ATLÁNTIDA.

9) Polo enxeñeiro xefe do servizo de vías e obras en data de 9 de XANEIRO de 2004 infórmase que:

"Con data 02/01020004 don Manuel Vázquez Domínguez mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción definitiva das obras contempladas no proxecto de urbanización U.E. II-07 ATLÁNTIDA aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria celebrada o día 30/04/1999.

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- Plano das obras realmente executadas que non presentan variacións substanciais coas previstas no proxecto de urbanización aprobado.
- Acta de recepción das obras por parte da Propiedade conformada pola propia empresa constructora e dirección facultativa das obras.
- Certificación do técnico director das obras no sentido de que as obras axústanse ó proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.
- Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ao Concello.

En orde á recepción das obras de urbanización agora solicitadas, foron inspeccionadas e solicitados os correspondentes informes aos servizos de Electromecánicos; Montes, Parques e Xardíns e aos servizos técnicos de Aqualia empresa concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento de augas, cos seguintes resultados:

En data 22/12/2003 o enxeñeiro técnico do servizo de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras axústanse sensiblemente ás contempladas no proxecto de urbanización aprobado e sen atopar deficiencias, salvo vicios acochados.

Con data 27/10/2003 o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que a zona presenta un estado aceptable no que a elementos vexetais se refire (céspede, arborado e sistema de rega).

Con data 25/11/2003 o Servizo de Electromecánicos, informa que a instalación cumpre coa normativa vixente e axústanse o proxecto e dirección de obra.

Con data 1/12/2003 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia, informa que a instalación tanto na rede de abastecemento como na de saneamento é conforme ao solicitado.

Polo exposto somete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte:

S. ord. 26.04.04

PROPOSTA:

3. *Aproba-la recepción definitiva descrita das obras de urbanización da UNIDADE DE EDIFICACIÓN II-07 ATLANTIDA no ámbito delimitado no plano denominado, Plano de Recepcións Definitivas, o cal se achega..*
4. *Dar traslado deste acordo aos seguintes servicios municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."*

10) Polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, infórmase con data de 23 de xaneiro de 2.004 que "las obras cuya recepción definitiva se solicita, responden al planeamiento de desarrollo (U.E. II-07 Atlántida) aprobado definitivamente el 23 de diciembre de 1.994".

Ós anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables do Enxeñeiro Xefe do Servicio de Vías e Obras e do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo procede a recepción das obras de urbanización, por canto se trata dun acto regrado.

III. Serán de aplicación, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada.

IV. En canto á conservación das obras de urbanización, tal e como recollen as escrituras públicas expostas na relación dos feitos, corresponde ós propietarios, en aplicación dos artigos 25, 67 e 68 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto a obriga resulta do apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993, agás para as zonas verdes e libres que teñan a consideración de sistemas xerais.

V. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar a recepción definitiva das obras contempladas no proxecto de urbanización U.E. II-07 ATLÁNTIDA.

2º.- Iniciar o expediente municipal para a esixencia de constitución de entidade de conservación ós propietarios da U.E. II-07 Atlántida, poñéndollo de manifesto para que no prazo de dez días acheguen alegacións e aporten documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

3º.- Recordar ó departamento municipal de Licencias de obras que recolla nos acordos que se adopten sobre licencias de obra, primeira ocupación e utilización a obriga de conservación das zonas verdes e espazos libres cedidos a esta Administración e da superficie sobre a que se constituíu o dereito de uso público, nos termos expostos.

4º.- Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Non obstante, contra o segundo punto deste acordo non cabe recurso ningún por tratarse dun acto de trámite.

5º.- Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licencia de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

33(508).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ORECO S.A. CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DOS DANOS QUE PUIDERA OCASIONAR O PASO DUN CAMIÓN NA RÚA PRÍNCIPE. EXPTE. 37962/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 15.04.04, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 29 de agosto de 2001, Oresco, S.A., solicitou permiso de circulación a rúa Príncipe, 9 cun camión de 25 TM para depositar unha máquina de pilotaxe, constituindo un depósito de 30.050,61 euros = 5.000.000 pts.

S. ord. 26.04.04

mediante aval de Deutsche Bank e mandamente de ingreso número 200100043235, para responder dos danos que poidera ocasionar o paso do camiión na rua Príncipe.

Con data 09 de maio de 2003, solicita a devolución da fianza, na visita de inspección do 26 de xuño de 2003 se observan deficiencias na rúa (lousas de granito rachadas), notifícase subsane as anomalías e solicite nova visita de inspección, o que fai en comparecencia no departamento, con data 14 de outubro de 2003, detéctanse na inspección do 15 de outubro de 2003, as mesmas deficiencias do informe anterior, notifícase encarecidamente subsane as anomalías.

El 13 de abril de 2004 en chamada telefónica al Departamento, D. José Liz Rodríguez, en representación de Oresco, S.A., comunica a subsanación de anomalías, na inspección feita con data 14 de abril de 2004, comprobouse que as anomalías foron subsanadas e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que PROPONSE:

Proceder á devolución da fianza de 30.050,61 euros = 5.000.000 ptas. a favor de ORECO, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta do precedente informe.

34(509).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”. EXPTE. 1033/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.04.04, o documento contable AD, de 12.04.04, por importe do gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta da xefa do Servicio de Xuventude, do 16.03.04, conformado pola concelleira delegada de dito servicio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-la sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre a Asociación Xuvenil Abertal e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa Noites Vivas, na sede de dita asociación, ata o mes de maio do presente ano.

2º.- Aproba-lo gasto de 3.000 € correspondente ó importe deste convenio, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

3º.- Librar a cantidade de 1.500 € á Asociación Xuvenil Abertal correspondentes ó 50% do importe total do convenio á sinatura do mesmo e 1.500 € correspondente ó 50% restante ó remate do mesmo, previa certificación de que as actividades obxecto do mesmo foron realizadas.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2004

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Masrtinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dña. Concepción Castro Figueroa D.N.I. 36.118.561 como presidenta da Asociación Xuvenil ABERTAL, C.I.F G-.G-36.633.394.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O Concello de Vigo a través da concellería de Xuventude está a desenvolver o programa denominado Noites Vivas, alternativo ó consumo de ocio habitual centrado en bares e discotecas.

A posta en marcha de forma experimental durante o ano 1.999, cunha oferta de actividades novedosas, afianzou a posibilidade de apertura de centros públicos, como os pavillóns deportivos, durante determinadas horas da noite e madrugada.

Coa posta en marcha deste proxecto non se pretende modifica-los hábitos dos xoves, sinon buscar alternativas e novas opcións ó ocio, para alonxarse do aburrimiento e rutina, propoñendo para elo actividades culturais, recreativas e de ocio en centros alternativos.

Seguindo os pasos de cidades como Gijón, pioneiras na implantación de programas deste tipo, consideramos necesario a colaboración do tecido asociativo en determinadas zonas da cidade como poden ser: Teis, Casco Vello, Coia, zona Centro e zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude.

Así e no caso concreto da zona centro que se corresponde coa zona de influencia da Asociación Xuvenil Abertal, é esta asociación , a entidade coa que cotamos para colaborar no programa Noites Vivas.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL no barrio, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora en parte do desenvolvemento deste programa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa Noites Vivas, ata o mes de maio do 2004.

B.- Que a ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera a citada asociación como entidade óptima para a súa colaboración na

execución do Programa Municipal Noites Vivas, desenvolvendo actividades baixo a dirección e criterios da Concellería de Xuventude.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude da zona de influencia e dita asociación.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa “Noites Vivas” na zona de influencia da ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL que se incorpora a este convenio como ANEXO I

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 3.000 € ,á ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL ,con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0100 05 0000035404 en dous prazos: 50% á sinatura do presente convenio e 50% restante á finalización da actividade, previa certificación do cumprimento da mesma.

3.-A ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL , deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación tanto dos participantes como do persoal que realizou as actividades, e a memoria económica da actividade .

O persoal técnico da Concellería de Xuventude xunto coa Asociación Xuvenil Abertal serán os encargados do seguimento da execución do convenio , sendo a Concellería de Xuventude a que certifique o seu cumprimento.

4.- A Asociación ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación exisida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectua-lo Concello.

5.- A asociación comprométense ó coidado e mantemento das instalacións, deixándolas no seu estado orixinal, sendo súa a responsabilidade derivada do mal uso das mesmas.

6.- A Asociación participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá unha duración ata o 31 de maio do 2004.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro da programación de Noites Vivas na Asociación Xuvenil Abertal son as seguintes:

- Sala multiusos: sala para estar, espacio para xogo de rol e outros.
- Xogos de mesa
- Fútbolín, ping pong, cartas e xogos de mesa
- Acceso a internet
- Pachanga deportiva
- Partida de rol e magic
- Espacio aberto concerto
- Torneo de dardos, futbolín e pin pon
- Visionado de estrelas
- Iniciación á maxia
- Ciclo de cine: proxección
- Contacontos ou monólogos
- Obradoiro de Cociña
- Carteiras de cómic
- Obradoiro de Coiro
- Obradoiro de ecoloxía
- Obradoiro de patinaxe
- Obradoiro de cestería
- Iniciación á informática
- Obradoiro de abelorios
- Obradoiro de trenzas de fío
- Obradoiro de cócteles sen alcol

Todas estas actividades serán desenvolvidas en horario de 18:00 a 1:00 os venres e sábados, tempo que deberán permanecer abertas ó público as instalacións da asociación, co obxecto de recibir ó público que desexe participar nas actividades programadas.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

35(510).- ESTABLECEMENTO DUNHA CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2004 A REALIZAR POLO PERSOAL DO SERVICIO DE DESINFECCIÓN. EXPTE. 15025/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

Dáse conta da proposta de data 19.04.04 que somete o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal á Xunta de Goberno Local para a implantación dunha campaña de desratización durante o ano 2004, que di o seguinte:

A iniciativa do Sr. Director do Laboratorio Municipal coa conformidade do concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2004 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración de dous oficiais conductores adscritos ó Parque Móbil municipal.

Para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servizos fora da xornada habitual de traballo, o que ven xustificado non só por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións continuas tanto pola noite como nos días festivos, senón tamén pola insuficiente dotación de persoal, que non permitiría a posibilidade de gratificar ditos servizos con descansos compensatorios, sendo por outra banda imposible compatibilizar este traballo extraordinario coas tarefas habituais que demanda constantemente o servizo durante a súa xornada normal.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro fronte a unha contratación administrativa externa tal e como se acredita no informe da xefatura do servizo de data 8 de abril de 2002 e 31 de marzo de 2003, incorporados ó expediente.

Cumpre salientar que idéntica campaña realizouse entre os meses de maio á agosto do pasado ano cuns resultados altamente satisfactorios.

As horas a realizar polo citado equipo ascendería a 1.372, cun custo total de 8.974,84 €, ó que habería que engadir un total de 1.890,00 € en concepto de recargo por festividade e 4.480,00 € como recargo por nocturnidade, o que importaría un total de 15.344,84 € en concepto de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios.

Asímesmo, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de 14 de xaneiro do ano 2003, prorrogadas para o presente

S. ord. 26.04.04

exercicio, en concreto a Instrucción 3ª.h) establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, que serva para recompensa-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación da mesma e, que será compatible co valor do prezo da hora de traballo, e que en todo caso requerirá dun informe motivado da Xefatura do Servizo acreditativo de que o custe da campaña extraordinaria con cargo ás partidas de gratificacións e produtividade supón fronte a unha eventual contratación externa en atención ós prezos de mercado, sen prexuízo dos debidos informes referidos ó rendemento individual do traballador, sendo a regulación pormenorizada deste tipo de programas (importe máximo para o colectivo, periodicidade do abonamento, duración, número de traballadores afectados, criterios de asignación, etc) competencia da Comisión de Goberno (na actualidade da Xunta de Goberno Local).

Consecuentemente, resulta oportuno establecer un xusto réxime de compensación económica que lle retribúa ó traballador non só o valor das horas en exceso a realizar por enriba da xornada ordinaria, tal e como prevé a Disposición transitoria 7ª do Acordo regulador vixente, senón que gratifique tamén o especial rendemento, dedicación e iniciativa do traballador á hora de desenvolver ditos traballos, toda vez que vai ter que afrontar un plus de penosidade engadido ás súas condicións normais de traballo ó quedar a libre disposición do servizo para o establecemento das xornadas que demande o propio programa de desratización.

Por todo o exposto, este concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal considera a conveniencia de someter á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta que a continuación se transcribe para que no uso das competencias resolutorias que actualmente ten delegadas pola Alcaldía-Presidencia adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-lo establecemento dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2004, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dos oficiais conductores do Parque Móbil, cunha duración prevista ata o 8 de agosto do presente ano.

Segundo.- Aproba-lo establecemento dun complemento de produtividade por un importe global de 6.435,00 € (5.214,00 € para o persoal adscrito ó Servizo de Desinfección e 1.221,00 € para o persoal do Parque Móbil) que será repartido equitativamente entre o persoal que voluntariamente participe na referida campaña, na proporción que resulte segundo os días traballados por cada empregado.

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

O anterior complemento retributivo establécese sen prexuízo dos recargos que lle corresponda percibir ó traballador pola realización dos servizos extraordinarios, en aplicación do propio Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28 de decembro de 1998, previstos nos arts. 10 (nocturnidade e festividade) e na disposición transitoria 7ª, regra 3ª.

Con data 23.04.04 o xefe da Unidade de Persoal emite o seguinte informe sobre a precedente proposta:

Recabado desta Xefatura da Unidade de persoal o oportuno informe por parte do concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal verbo da súa proposta de data 19 de abril de 2004, referente á campaña de desratización para o presente, cumpre informa-lo seguinte :_

A proposta de acordo sometida a informe desta Unidade consiste na aprobación dunha campaña extraordinaria de desratización, que sería acometida directamente polo persoal adscrito ó servizo municipal de desinfección en colaboración con dous conductores do Parque Móbil. A referida campaña, para a que se prevé unha duración aproximada de dezaseis semanas, sería realizada fora da xornada ordinaria de traballo, e costeada con cargo ós conceptos retributivos de gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade. O primeiro destes emolumentos (gratificacións por servizos extraordinarios) tería por único obxecto remunerar o exceso real de xornada segundo o valor da hora de traballo establecido no acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal funcionario desta administración. O segundo concepto retributivo (productividade) serviría para recompensa-lo éxito do traballo a realizar, en atención ó especial rendemento e dedicación que lles será esixido a aqueles empregados que, voluntariamente, se acollan e realicen satisfactoriamente esta iniciativa.

Dos datos obrantes no expediente constátase a necesidade de acometer a campaña fora do horario habitual de traballo, isto é, como unha prolongación de xornada, xa que doutro xeito se imposibilitaría o correcto cumprimento dos demais cometidos ordinarios do servizo.

Constátase igualmente, dos informes da xefatura do servizo, que o custo máximo que implicaría ás arcas municipais a remuneración destes traballos extraordinarios conlevaría un importante aforro fronte a unha eventual contratación externa deste servizo de desratización, tal e como se infire dos informes da xefatura do servizo de datas 1 de xuño de 2002, 31 de marzo de 2003 e de 31 de marzo do pasado ano.

En atención a estas premisas, o técnico que subscribe procede á exposición dos seguintes

FUNDAMENTOS LEGAIS :

Primeiro : De conformidade co disposto no artigo 6 do Real decreto 861/86, de 25 de abril, en concordancia co art. 127 da Lei LRBRL, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da administración local, a realización dos servizos extraordinarios realizados por enriba da xornada normal de traballo poderán ser retribuídos pola Alcaldía-Presidencia sen exceder das cantidades globais determinadas no orzamento polo Pleno do Excmo. Concello. Ditas asignacións poden ser delegables pola Xunta de Goberno Local noutros órganos municipais segundo o disposto no art. 6 do Real decreto 861/86 e consonte ó réxime de delegacións previsto na Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Consonte ó disposto no art. 13 e máis na Disposición Transitoria 7ª, regra 3ª do acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal funcionario do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998, os servizos extraordinarios que excedan da xornada normal de traballo poderán ser compensados con descansos dentro dos 4 meses seguintes á súa realización, ou ben, ser acumulados como permiso para anticipa-la xubilación do funcionario, e no caso que, por razóns xustificadas do servizo non sexa

S. ord. 26.04.04

posible a compensación con descanso da xornada, entón serán retribuídas segundo o importe da hora normal de traballo.

A proposta da campaña de desratización, como se expuxo anteriormente, fundaméntase na conveniencia de acometer, polo propio persoal municipal do servizo de Desinfección, en colaboración con dous empregados do Parque Móbil, unha serie de traballos extraordinarios por enriba da xornada ordinaria que non poderían ser obxecto de descansos compensatorios habida conta a coñecida escasez de persoal que se fai patente no propio servizo, polo que a súa compensación deberá practicarse segundo o valor da hora de traballo establecida na D.T. 7, regra terceira, do acordo regulador vixente.

Consecuentemente, semella razoable o fomento desta iniciativa, especialmente se temos en conta que se trata dun servizo público de recepción obrigatoria que demanda unha implantación de carácter anual.

O aboamento destas gratificacións extraordinarias calcularáse en atención ós pluses de nocturnidade e festividade cando dita xornada extraordinaria se realice entre as 22,00 e 7,00 horas ou en sábado, domingo ou festivo, respectivamente, tal e coma dispón o artigo 10 do acordo regulador vixente, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998.

Segundo : No que atinxe á produtividade máxima proposta, que se pretende compatibilizar co aboamento das gratificacións extraordinarias que devengaría a estricta realización dun exceso de xornada, infórmase o seguinte :

O complemento de produtividade ten unha natureza eminentemente discrecional, toda vez que, como dispón o artigo 5 do Real decreto 861/86, está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, interese e iniciativa do funcionario no desenvolvemento do seu posto, aínda que a asignación debe obedecer sempre a obxectivos concretos, e sen que en ningún caso as cantidades que perciba o funcionario orixinen ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Ditas cantidades serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios como dos representantes sindicais.

Consecuentemente, para que o abonamento deste complemento retributivo sexa compatible coa gratificación extraordinaria, a Xefatura do servizo deberá acreditar non só a mera realización dun exceso de xornada, senón tamén que os traballadores propostos para a percepción da produtividade complementaria amosaron un pleno rendemento ou interese no desenvolvemento da campaña.

Consonte ó diposto nas vixentes Instrucións de plantilla, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión de 14 de xaneiro de 2003 (en concreto a Instrucción 3ª regra h.), aboarase con cargo ó complemento de produtividade a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación , etc. do Laboratorio Municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, que servirá para recompensar o esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación da mesma, e que será compatible co valor do prezo da hora de traballo .

En todo caso requirirásese dun informe motivado da Xefatura do servizo acreditativo de que o custe da campaña con cargo ás partidas de gratificacións e produtividade supón un aforro fronte a unha eventual contratación externa en atención ós prezos de mercado, sendo competencia da Xunta de Goberno Local a

S. ord. 26.04.04

regulación pormenorizada deste tipo de programas (Importes máximos, periodicidade do aboamento, duración da campaña, etc).

En consecuencia ó exposto, a Xunta de Goberno Local resultaría competente, segundo o artigo 127 da LRBRL, para dar aprobación á antedita proposta, entendendo o Técnico que subscribe que a mesma se axusta plenamente ós criterios de asignación establecidos polo Pleno do Concello.

Por último destacar que, habida conta do exceso da xornada laboral que produciría a aplicación da proposta obxecto deste expediente, precisaría ter un carácter voluntario.

Antes da eventual adopción do acordo resolutorio, deberáse recabar informe da Intervención Xeral co obxecto de fiscaliza-lo gasto derivado deste expediente e consignar, no seu caso, as cantidades necesarias para facer fronte a ditos emolumentos.

Consta no expediente informe do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 19.04.04, sobre o aboamento ó persoal do Servicio de Desinfección pola campaña de desratización, e informe favorable do técnico de Intervención do 22.04.04, conformado pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, acorda:

1º.- Aproba-lo establecemento dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2004, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dos oficiais conductores do Parque Móbil, cunha duración prevista ata o 8 de agosto do presente ano.

2º.- Aproba-lo establecemento dun complemento de produtividade por un importe global de 6.435,00 € (5.214,00 € para o persoal adscrito ó Servicio de Desinfección e 1.221,00 € para o persoal do Parque Móbil) que será repartido equitativamente entre o persoal que voluntariamente participe na referida campaña, na proporción que resulte segundo os días traballados por cada empregado.

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

O anterior complemento retributivo establécese sen prexuízo dos recargos que lle corresponda percibir ó traballador pola realización dos servizos extraordinarios, en aplicación do propio Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo,

aprobado en sesión plenaria do 28 de decembro de 1998, previstos nos arts. 10 (nocturnidade e festividade) e na disposición transitoria 7ª, regra 3ª.

36(511).- AXUDAS ESPECIAIS E AXUDAS EXTRAORDINARIAS CON CARGO Ó FONDO SOCIAL DOS TRABALLADORES. EXPTE. 14813/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

Con data 23.02.04 o xefe da Unidade de Persoal, coa conformidade do concelleiro delegado do Área de Xestión Municipal, emite o seguinte informe-proposta:

A Secretaria da Comisión do Fondo de Acción Social, con data 17 de febreiro de 2004, remite acordos de dito organismo de data 10 do mesmo mes, sobre concesión de axudas especiais e axudas extraordinarias correspondentes á convocatoria do presente ano, ós traballadores que figuran en ditos acordos.

O funcionario que subscribe, en estricta execución do disposto nos artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador, previo informe da Intervención Xeral, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Autoriza-lo abono das seguintes axudas especiais por importe total de 7.418,00 €. (SETE MIL CATROCENTOS DEZAOITO EUROS), ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
<i>Fernández Alonso José Ángel</i>	<i>36037789</i>	<i>12055</i>	<i>1.535,00</i>
<i>Fernández Álvarez Florentino</i>	<i>36019741</i>	<i>15473</i>	<i>1.759,00</i>
<i>Faro Chamadoira Ángeles</i>	<i>36033947</i>	<i>15071</i>	<i>1.414,00</i>
<i>Molina Magdalena Fernádo</i>	<i>36065820</i>	<i>77043</i>	<i>810,00</i>
<i>Prieto Sánchez Alonso</i>	<i>10471076</i>	<i>10381</i>	<i>1.900,00</i>
SUMA TOTAL			7.418,00

Segundo.- Autoriza-lo abono das seguintes axudas extraordinarias por importe total de 2.056,00 €. (DOUS MIL CINCUENTA E SEIS EUROS), ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
<i>Álvarez Martínez José Adonis</i>	<i>35228834</i>	<i>11564</i>	<i>541,00</i>
<i>Franco Reza José Antonio</i>	<i>36097780</i>	<i>77172</i>	<i>432,00</i>
<i>García Rodríguez José Ángel</i>	<i>36044893</i>	<i>14580</i>	<i>513,00</i>
<i>Marón Lorenzo Juan A.</i>	<i>36033263</i>	<i>14321</i>	<i>192,00</i>
<i>Crespo Basto Xosé M.</i>	<i>36047965</i>	<i>22852</i>	<i>378,00</i>

<u>SUMA TOTAL</u>	2.056,00
-------------------	----------

Con data 17.03.04, o técnico de Intervención xeral emite informe conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

“Remítese a esta dependencia expte. Núm. 14813/220, ó obxecto de que se proceda á súa fiscalización, tal e como se dispón no art. 214 de Rd/2/2004, de 5 de marzo, que impón unha ifscalización crítica e previa de todo o acto susceptible de producir dereitos ou obrigas de carácter económico.

O expediente, comporta unha relación d e persoal municipal beneficiario dunha serie de axudas de carácter extraordinario, con cargo ás bolsas de acción social previstas presupostariamente. No art. 30 do Acordo Regulador, acórdase a constitución dun Fondo de Acción Social xestionado por unha Comisión Xestora, e cunha dotación específica para atender sucesos de carácter extraordinario.

Ante as diversas peculiaridades das axudas propostas, faise necesario proceder á fiscalización das mesmas en función de dous grupos claramente diferenciados:

- *Por unha parte, se propoñen a unhas axudas “autodenominadas” especiais, motivadas pola circunstancia de existir dentro da unidade familiar membros cunha mminusvalía oficialmente recoñecida, o que, a xuízo desta Unidade, non ten unha connotación de carácter extraordinario, ó ter dita situación, previsiblemente e por desgracia, continuidade no tempo. A pesas desto, e tal como está redactado o artigo do acordo, con evidentes lagunas, estes sucesos poderían ter a consideración de graves, polo que se deixa á vontade da Xunta de Goberno Local o recoñecemento destas axudas con cargo ó fondo adicional de acción social.*
- *Por outro lado, se inclúen outra serie de axudas a determinados beneficiarios que no pasado se someteron a intervención quirurxicas non cubertas polo Sistema da Seguridade Social. Á marxe destas, engádese unha axuda motivada por unha adopción no extranxeiro.
Comprobada a documentación, por esta Oficina é clara e manifesta a inexistencia dun componente grave e extraordinario que obrigara a imputa-las mesmas con cargo ó fondo adicional de acción social, o que conlevaría a súa aplicación dentro do fondo ordinario se así se estimase.*

De todo isto resulta, polo menos unha parte, que o gasto proposto non se destina á finalidade específica para a que foi autorizado no presuposto en vigor, o que conduce, tal e como se dispón no art. 172 do Rd 2/2004, de 5 de marzo, a que se informe desfavorablemente o gasto.”

Con data 22.03.04 tratouse o expediente, cos precedentes informes, na Xunta de Goberno, o cal foi retirado da orde do día para que se realizara un mellor estudio.

O xefe da Unidade de Persoal, con data 26.03.04, emite escrito á Comisión Xestora do Fondo Social solicitando “se informe detalladamente dos sucesos especiais e extraordinarios cuestionados con motivo de actuación fiscalizadora”, e con data 21.04.04 emite novamente informe tal e como se transcribe:

S. ord. 26.04.04

Vista a documentación xustificativa das axudas sociais solicitadas con gargo ó Fondo adicional durante a convocatoria de 2004, e considerando o informe de fiscalización da intervención xeral de 17 de marzo de 2004, conclúese que o reparo formulado polo órgano de fiscalización afecta propiamente a dous grupos de instancias, que dificilmente poden te-la consideración de sucesos graves ou extraordinarios, tal e coma esixe o artigo 30 do acordo regulador :

- Axudas por intervencións quirúrxicas ou tratamentos non cubertos pola Seguridade Social : tratase de instancias que teñen relación con operacións de ciruxía ocular correctora de miopía , tratamentos odontolóxicos , etc.
- Axuda por adopción de fillo no extranxeiro ; tratase dun suceso de carácter voluntario asumido polo propio funcionario.

Pola contra, o Informe de fiscalización deixa aberta a posibilidade de que órgano resolutor poida aprecia-la consideración de graves a outras axudas que pola contra afectan a situacións de minusvalías de familiares, oficialmente recoñecidas, e que se refiren ós seguintes solicitantes :

- D. José Angel Fernandez Alonso (DNI. 36.037.789), por importe de 1.535,00 euros.
- D. Florentino Fernandez Alvarez (DNI. 36.019.741), por importe de 1.759,00 euros.
- D^a. Angeles Faro Chamadoira (DNI. 36.033.947), por importe de 1.414,00 euros.
- D. Fernando Molina Magdalena (DNI. 36.065.820), por importe de 810,00 euros.
- D. Alonso Prieto Sanchez (DNI. 10.471.076), por importe de 1.900, 00 euros

Considerando que as causas específicas polas que se motivan estas solicitudes afectan a datos de carácter médico merecedores da debida protección no tratamento de datos, especialmente algunhas delas que se refiren a menores de idade, omitimos calquera referencia expresa con relación a este extremo.

Consecuentemente, e ratificandonos no informe da Intervención xeral, entendemos que por unha interpretación plausible do artigo 30 acordo regulador vixente o órgano resolutor pode asumi-la proposta da Comisión xestora do Fondo social referida únicamente a este último grupo de instancias.

Nembargantes, o resto das instancias deberían ser rexeitadas por non te-la consideración de axudas graves e extraordinarias.

Acordo

A Xunta de Goberno, vistos os antecedentes, acorda:

1º.- Autoriza-lo aboamento de axudas do Fondo Social, por consideralas de carácter grave, por importe total de 7.418,00 €, ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
Fernández Alonso José Ángel	36037789	12055	1.535,00
Fernández Álvarez Florentino	36019741	15473	1.759,00
Faro Chamadoira Ángeles	36033947	15071	1.414,00
Molina Magdalena Fernándo	36065820	77043	810,00

Prieto Sánchez Alonso	10471076	10381	1.900,00
SUMA TOTAL			7.418,00

2º.- Desestima-las solicitudes presentadas polos traballadores que de seguido se detallan, por non te-la consideración de axudas graves e extraordinarias:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL
Álvarez Martínez José Adonis	35228834	11564
Franco Reza José Antonio	36097780	77172
García Rodríguez José Ángel	36044893	14580
Marón Lorenzo Juan A.	36033263	14321
Crespo Basto Xosé M.	36047965	22852

37(512).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.617,28 € A FAVOR DE VIEIROS.COM POLA REALIZACIÓN DA WEB MAIL DO CONCELLO. EXPTE. 688/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral, do 5.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio Administrativo de Alcaldía, do 22.03.04, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figura na factura seguinte:

- Nº. 30/03, de data de Rexistro Xeral 02/10/03, por importe de 6.617,28 euros, IVE incluído, polos conceptos *“Realización, desenvolvemento do web mail do Concello de Vigo”* e *“Deseño, aparencia e integración do web mail na web do Concello”*.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de *“VIEIROS.COM. Información en rede”* (NIF. B-15792682), con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.07.00, *“Distintos traballos técnicos”*, ou á súa bolsa de vinculación, por importe total de 6.617,28 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de *“VIEIROS.COM. Información en rede”*, por importe de 6.617,28 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.00. *“Distintos traballos técnicos”* do presuposto en vigor.

38(513).- PROXECTO DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR PARA O CURSO 2004-2005. EXPTE. 10853/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 16.04.04, os documentos contables RC polo importe do gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de coordinación de Servicios Sociais, do 22.03.94, conformado polo xefe do Sector de Benestar Social, polo concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto que de seguido se transcribe, de axudas municipais escolares de libros e comedor para o curso 2004/2005, destinadas a nenos/as empadroados/as en Vigo, matriculados en centros públicos ou con concerto xeral que cursen educación infantil, educación primaria ou educación secundaria, pertencentes a familias con ingresos iguais ou inferiores a 210,00 €/persona/mes.

Non poderán acceder ás axudas de libros aqueles nenos/as que cursen 6º de Educación Primaria ou aqueles cursos nos que se implante a gratuidade dos libros a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no curso 2004/2005.

2º.- Non se concederá axuda de libros nin de comedor ós alumnos titelados pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

3º.- Aproba-lo importe que se lles aboará ós solicitantes que se lles conceda a axuda escolar de libros para o curso 2003/2004:

- Educación infantil (3, 4 e 5 anos)	61,00 €
- Educación primaria (6 a 12 anos)	85,00 €
- Educación secundaria obrigatoria (12 a 16 anos).	109,00 €

4º.- Aproba-la contía máxima de AMES comedor para o curso 2004/2005, que será de 312,00 €/alumno (outubro 2004-maio 2005).

Aboarase a mes vencido na conta do centro onde o neno/a esté matriculado/a, trala sinatura na primeira semana de cada mes do pai, nai ou titor. O importe da praza de comedor que se aboará será a

estipulada polo Consello escolar de cada centro para tódolos alumnos/as de comedor, ata un máximo de 39,00 €/mes/alumno.

5º.- No caso de que o importe do número de solicitudes que reúnen os requisitos, tanto de libros como de comedor, supere o presuposto destinado para este programa, daráselles prioridade a aquelas familias que presenten unha situación de maior puntuación.

6º.- Aprobala apertura do prazo dende o 20 ó 30 abril (ámbolos dous inclusive).

7º.- O solicitante que constituía unidades familiares independentes, tamén se considerará membro computable o cónxuxe o no seu caso a parella a que se atope unido por análoga relación así como dos fillos maiores que existan.

8º.- Autorízalo gasto de 106.749,26 € destinados a AMES libros para o curso 200/2005. Esta cantidade debe librarse a D^a M^a Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento

9º.- Aprobalo gasto de 235.848 € destinados a AMES comedor para o curso 2004/2005. Desta cantidade 95.193 € imputaránse ó exercicio 2004 e o resto 158.655 € será con cargo ó exercicio 2005.

PROXECTO AMES LIBROS E COMEDOR-CURSO 2004/2005

O programa de Axudas municipais escolares de libros e comedor leva realizándose por este departamento desde fai 17 anos, os primeiros anos elaborouse atendendo as demandas dos profesores dos centros como medio para axudar a algunhas familias cun baixo nivel de ingresos.

O longo dos anos o proxecto foi crescendo, tanto en demanda como en presuposto; como referencia pódese reseñar que no curso 88/89 o presuposto foi de 42.070 € para libros, sendo no curso 00/01 de 140.232,00 €.

Pese á diminución da poboación infantil, a demanda segue aumentando porque ampliouse a cobertura ós alumnos de Educación infantil.

POBOACIÓN Á QUE VAI DESTINADA

O proxecto de Axudas municipais de libros e comedor, para o curso 2004/2005 vai destinado a nenos/as matriculados en centros públicos ou con concerto pleno da cidade, empadroados neste municipio e pertencentes a unidades familiares con ingresos iguais ou inferiores a 210,00 €/persoa/mes. Dentro das persoas que cumpren os requisitos realizarase a baremación.

Non poderán acceder ás axudas de libros aqueles nenos/as que cursen 6º de Educación primaria ou aqueles cursos nos que se implante a gratuidade dos libros a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no curso 2004/2005.

OBXECTIVOS

1. Chegar a aquelas familias que realmente precisen desta axuda.
2. Que os alumnos/as pertencentes a familias cun baixo nivel de ingresos teñan acceso ó material escolar e ó comedor.
3. Realizar un seguimento daquelas familias que se detecten de alto risco.
4. Análisis da poboación demandante e valoración das súas necesidades.

REQUISITOS DOS SOLICITANTES

- Ter fillos/as matriculados en centros escolares da cidade, públicos ou con concerto pleno.
- Estar empadroados en Vigo, tanto o cabeza de familia como os nenos/as para os/as que se solicita a axuda de libros e comedor.
- Que a familia non supere os ingresos estipulados (210,00 €/persoa/mes)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- a) Solicitud
- b) Fotocopia do Documento nacional de identidade do solicitante

- c) *Fotocopia do Libro de familia completo, excepto dos fillos/as que non convivan no domicilio.*
- d) *Xustificante de ingresos mensuais do ano 2004 dos pais ou titores dos alumnos/as para os/as que se solicita axuda e dos irmáns maiores de 16 anos que convivan no domicilio dos/as alumnos/as para os que se solicita axuda.*

Tamén se computarán os ingresos do cónxuxe ou da parella a cal se atope unido/a por análoga relación, así como dos fillos maiores que existan mediante:

- *Nóminas do ano 2004*
- *Certificado do INSS ou entidade pagadora da pensión/s que perciban*
- *Informe da Tesorería Xeral da Seguridade Social*
- *Certificado do Instituto Nacional de Emprego*
- *No caso de non poder acredita-la súa situación económica cos documentos anteriormente reseñados, terán que facer unha declaración responsable dos ingresos familiares.*

Para os alumnos/as que solicitaron anos anteriores: Achegarán o reseñado nos apartados a, d.

O departamento de Benestar Social resérvase o dereito a solicitar calquera documentación necesaria para aclarar-la situación socio-económica.

BAREMO A APLICAR

Dentro dos solicitantes que cumpran os requisitos, baremaranse e concederáse a axuda ós que obteñan maior puntuación ata a finalización do orzamento existente.

<i>a) Valoración da situación laboral:</i>	<i>Padre</i>	<i>Madre</i>
▪ <i>Trabaja fijo y autónomos.....</i>	<i>1 punto</i>	<i>1 punto</i>
▪ <i>Trabaja temporal con contrato, Prestaciones, subsidios, sus Labores.....</i>	<i>2 puntos</i>	<i>2 puntos</i>
▪ <i>Pensionistas SS, ou clases pasivas.....</i>	<i>3 puntos</i>	<i>3 puntos</i>
▪ <i>Familias monoparentais.....</i>	<i>3 puntos</i>	

Cando existan fillos que convivan no domicilio familiar e traballen, aplicarase a puntuación exposta con anterioridade.

<i>b) Situación da vivenda:</i>	
▪ <i>Vivenda propia.....</i>	<i>1 punto</i>
▪ <i>Vivenda alquilado ou amortizada.....</i>	<i>3 puntos</i>
▪ <i>Vivenda cedida ou en convivenda.....</i>	<i>2 puntos</i>

c) *Valoración económica:*

Esta relízase tendo en conta a renda per cápita da familia nuclear (pais e fillos) que convian no mesmo domicilio.

Considerase un membro máis nas familias monoparentais.

Quedando a puntuación da seguinte maneira:

<i>Ingresos</i>	<i>Puntos</i>
▪ <i>De 0 a 29,91 €.....</i>	<i>10 puntos</i>
▪ <i>De 29,92 a 49,92 €.....</i>	<i>9 puntos</i>
▪ <i>De 49,93 a 69,93 €.....</i>	<i>8 puntos</i>
▪ <i>De 69,94 a 89,94 €.....</i>	<i>7 puntos</i>
▪ <i>De 89,95 a 109,95 €.....</i>	<i>6 puntos</i>
▪ <i>De 109,96 a 129,96 €.....</i>	<i>5 puntos</i>
▪ <i>De 149,98 a 169,98 €.....</i>	<i>3 puntos</i>
▪ <i>De 169,99 a 189,99 €.....</i>	<i>2 puntos</i>
▪ <i>De 190 a 210 €.....</i>	<i>1 punto</i>

d) *Outra valoración:*

Cando o neno/a para o que se solicita axuda conviva con outros familiares distintos ós seus pais, puntuaráselle con 10 puntos (sempre que non sexa excluído por ingresos –210 € persona/mes).

Familias numerosas:

- *Categoría xeral.....* 4 puntos
- *Categoría especial.....* 6 puntos

CONTÍAS AMES LIBROS E COMEDOR. CURSO 2004/2005

- *Educación infantil (3, 4 e 5 anos).....* 61,00 €
- *Educación primaria (6 a 11 anos).....* 85,00 €
- *Educación secundaria obrigatoria (12 a 16 anos).....* 109,00 €

A contía a aboar para o comedor será aquela aprobado no Consello escolar de cada centro, sendo a axuda máxima por mes e neno de 39,00 €.

Aqueles beneficiarios da axuda de comedor que a contía sexa superior, a diferenza será aboada polo pai, nai, titor ou centro.

O importe do comedor das axudas aprobadas aboarase directamente na conta do centro, a mes vencido, previa sinatura mensual do pai, nai ou titor de cada alumno, na primeira semana de cada mes.

As faltas de asistencia ó comedor sin xustificación, poderán dar lugar á anulación da axuda

RELACIÓN DE CENTROS

Poderán solicita-las Axudas municipais de libros e comedor os alumnos matriculados nos seguintes colexios públicos ou con concerto pleno.

<u>COLEXIOS PÚBLICOS</u>		
Nº ORDE	NOME	COMEDOR
1	Alba	
2	Alborada	
3	Aloya	SI
4	Altamar	
5	Amor de Dios	SI
6	Andersen - Aungalonga	SI
7	Castelao - Navia	SI
8	Aragón – C.Giráldez	SI
9	Atalaya Cantabria	SÍ
10	Atlántida	SI
11	Balaídos – Pablo Iglesias	SI
12	Barreiro	
13	Bouza Brey	SÍ
14	Breogán	SI
15	Cabral Sello	SI
16	Caixa Aforros – Filipinas 6	
17	Calasancias – Padre Míguez	SÍ
18	Canicouva – Pereiro Castrelos	SI
19	Carballal Cabral	
20	Carmelitas – M ^a Inmaculada	SI
21	Carrasqueira Coruxo	SI
22	Celso Emilio Ferreiro	SI
23	Compañía de María - Enseñanza	SI
24	Coutadas Beade	SI
25	Cristo da Victoria – Preescolar Coia	SI
26	Chans Bembrive	SI

27	Divino Salvador	SI
28	Doblada	SÍ
29	Doctor Eijo Garay	SÍ
30	Doctor Fleming	SI
31	Eduardo Pondal – Samapaio Lavadores	SI
Nº ORDE	NOME	COMEDOR
32	El Castro	
33	Emilia Pardo Bazán - Chouzo	SÍ
34	Escuelas Nieto	
35	Escultor Acuña – Rúa Estrada	SÍ
36	Fonteoscura - Candeán	SÍ
37	Frián Teis	SÍ
38	García Barbón	SI
39	Hernán Cortés	
40	Hijas de María Inmaculada	SI
41	Igrexa Candeán	SI
42	Igrexa Valadares	SI
43	Javier Sensat - Alcabre	SÍ
44	Jesuítas – Apostol Santiago	SI
45	La Paz - Tintureira	SÍ
46	Labor	SI
47	Las Acacias	SÍ
48	Lope de Vega	SI
49	Losada	SI
50	Mariano	SI
51	Maristas – El Pilar	SI
52	Mercantil - Academia	SI
53	Mestres Goldar – Castrelos Costa	SI
54	Miralba – Hijas de Jesús	SI
55	Moledo Sardoma	SI
56	IMontecastelo	SI
57	Monterrey	SI
58	Montesol	SI
59	Mosteiro Bembrive	SI
60	Nª Sra de la Esperanza	SI
61	Niño Jesús de Praga	SI
62	Nogal Couto	
63	Otero Pedrayo – Carneiras Matama	SI
64	Palencia – Calvario	
65	Paraixal Teis	SI
66	Parroco Don Camilo – Comesaña Igrexa	SI
67	Pintor Laxeiro	SI
68	Pombal – Lavadores	SI
69	Possumus	
70	Quiñones de León	SI

71	Ramón y Cajal - Picacho	SI
72	Ría de Vigoq	SI
73	Ribas Matamá – Josefa Alonso	SI
74	Salesianos – María Auxiliadora	SI
75	San Fermín	
Nº ORDE	NOME	COMEDOR
76	San Fernando	SI
77	San José de Cluny	SI
78	San José de la Guía	
79	San Juan Bosco – Coia	SI
80	San Miguel II	SI
81	San Salvador – Teis Igrexa	SI
83	Santa Cristina	SI
84	Santa Marina – Cabral Becerreira	SI
85	Santa Tegra	SI
86	Santa Tegra – Educación infantil	SI
87	Santa Vedruna	
88	Seis do Nadal	SI
89	Sobreira-Valadares	
90	Valle Inclán	SÍ
91	Vicente Risco – Coutadas Teis	SI
92	Villalaura – Preescolar Fleming	SI
93	Virgen del Rocío	SI
94	Vista Alegre – San Blas	SI
95	Zamans	
96	Monte do Alba – Infantil Valadares	SI
97	IES A Guía	
98	IES Alexandre Bóveda – Coia 2	
99	IES Alvaro Cunqueiro – Coia 4	
100	IES Beade	
101	IES Castelao-Calvario	
102	IES Coruxo-Carrasqueira	
103	IES Manuel Antonio	
104	IES Meixoeiro – Carlos Casares	
105	IES O Castro - Hispanidad	
106	IES Politécnico Marítimo Pesquero	
107	IES Politécnico de Vigo	
108	IES República Oriental de Uruguay	
109	IES Ricardo Mella	
110	IES Rosales II	
111	IES Santa Irene	
112	IES Santo Tomé de Freixeiro	
113	IES Teis	
114	IES Valadares Sobreira	
115	IES Valentín Paz Andrade - Meixoeiro	

39(514).- SOLICITUDE DE AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO Á CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO. EXPTE. 4433/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do aparelador municipal e do director deportivo do IMD, do 23.04.04, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar as subvencións que se detallan de seguido, ó abeiro do establecido nas bases da Orde de 23 de marzo de 2004, reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas e para a adquisición de equipamento deportivo, consonte coas bases reguladoras da convocatoria publicada no DOG nº 60 de 26/03/2004.

2º.- Aprobar a realización das obras a desenvolver e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita Orde, sobre as actuacións que se detallan a continuación:

- a) Obras de urxencia no Estadio Municipal de Balaídos, por importe de 1.500.000 €..
- b) Remodelación do Césped de do campo de Balaídos, por importe de 94.272,02 €.
- c) Substitución da caldeira da Piscina Municipal das Travesas, por un importe de 30.000 €.
- d) Substitución da caldeira da Piscina Municipal de Lavadores, por un importe de 30.000 €.
- e) Melloras das instalacións e depuración das piscinas de Travesas e Lavadores, por importe de 8.700 €.
- f) Obras na instalación eléctrica do Estadio Municipal de Balaídos, por un importe de 385.342,72 € (anualidade do 2004: 120.342,72 €).
- g) Equipamento do Pavillón Polideportivo Municipal de Bouzas, por un importe de 18.030 € (equipo de son e megafonía, marcadores, canastras e dotacións sala multiusos).
- h) Obras de reparación no Campo de Fútbol Municipal do Meixoeiro, por un importe de 5.141,33 €.
- i) Obras de reparación no Campo de Fútbol Municipal do Monte da Mina, por un importe de 4.399,09 €.
- j) Reparacións do Terreo de Xogo do Campo de Fútbol da Bouza e Campo de Fútbol da Guía, por un importe de 12.000 €.

- k) Acondicionamento dos Vestiarios e alumeado no Campo de Fútbol Municipal da Guía, por importe de 30.000 €.
- l) Reparación do pavimento do Polideportivo do Carballal, por un importe de 30.000 €.
- m) Reparación do Circuito de Automodelismo de Samil, por un importe de 8.387 €.
- n) Mellora do terreo de xogo existente na rúa Luis Ksado, por un importe de 30.000 €.

40(515).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste putno.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.